

Programación
didáctica
do
Departamento de
Lingua Castelá e
Literatura

2020-2021



XUNTA DE GALICIA
CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



IES PAZO DA MERCÉ

Ramal 3, Tortoreos
36449 - AS NEVES
Tfno. 886110110
ies.pazo.merce@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iespazodamerce>



Índice

1 .	Introdución e contextualización.....	3
2 .	Contribución ao desenvolvemento das competencias-chave.....	5
3 .	Educación Secundaria Obrigatoria.....	8
3.1 .	1º de ESO.....	9
3.1.1 .	Temporalización. 1 ESO.....	9
3.1.2 .	Grau mínimo de consecución para superar a materia. 1 ESO.....	12
3.2 .	2º ESO.....	20
3.2.1 .	Temporalización dos contidos de 2 ESO.....	20
3.2.2 .	Grau mínimo de consecución para superar a materia. 2 ESO.....	25
3.3 .	3º ESO.....	37
3.3.1 .	Temporalización. 3 ESO.....	37
3.3.2 .	Grau mínimo de consecución para superar a materia. 3 ESO.....	41
3.4 .	4º ESO.....	55
3.4.1 .	Temporalización. 4 ESO.....	55
3.4.2 .	Grau mínimo de consecución para superar a materia. 4 ESO.....	60
4 .	Bacharelato.....	80
4.1 .	1º Bacharelato.....	81
4.1.1 .	Temporalización. 1 Bacharelato.....	81
4.1.2 .	Grau mínimo de consecución para superar a materia. 1 Bacharelato.....	84
4.2 .	2º Bacharelato.....	97
4.2.1 .	Temporalización. 2 Bacharelato.....	97
4.2.2 .	Grau mínimo de consecución para superar a materia. 2 Bacharelato.....	100
5 .	Procedimentos e instrumentos de avaliación.....	113
5.1 .	Medidas extraordinarias de procedimentos de avaliación da actividade lectiva non presencial.....	115
6 .	Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	115
6.1 .	Actuacións metodolóxicas extraordinarias para a actividade lectiva non presencial.....	116
7 .	Materiais e recursos didácticos.....	117
8 .	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	118
8.1 .	Criterios de cualificación.....	118
8.1.1 .	Exames.....	119
8.1.2 .	Leituras obrigatorias.....	120
8.1.3 .	Traballos.....	121
8.1.4 .	Observación e seguimento da actividade do alumnado.....	121
8.2 .	Ortografía.....	121
8.3 .	A avaliación final.....	122
8.4 .	Avaliación extraordinaria.....	122
8.5 .	Medidas extraordinarias de avaliación e cualificación para a actividade lectiva non presencial.....	123
9 .	Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.....	123
10 .	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente.....	123
11 .	Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas a adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	124
12 .	Medidas de atención á diversidade.....	126
13 .	Concreción dos elementos transversais que se traballarán.....	127
14 .	Actividades complementarias e extraescolares.....	130
15 .	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	130
16 .	Anexo I.....	132
17 .	Anexo II.....	133
18 .	Anexo III.....	134
19 .	Anexo IV.....	137

1 . **Introdución e contextualización.**

Esta programación didáctica elaborou-se adaptando o modelo establecido no CAPÍTULO V sobre Programacións didácticas da *RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o establecemento do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, pola cal se prevé dar a materia de Lingua Castellana e Literatura no Ensino Secundario en ESO e Bacharelato no IES Pazo da Mercé, e nas *INSTRUCIÓNS do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato*, segundo as cales se adoptan medidas de adaptación da organización do currículo e da metodoloxía educativa ao contexto da Covid19. Tamén se ten en conta o *Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (versión 16-09-2020)*, especialmente no que atinxe ás alíneas 29 (Aulas virtuais e ensino á distancia) e 30 (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) máis o anexo VI, punto 11.

Debido ás circunstancias resultantes da pandemia, cuxas circunstancias fan especialmente peculiar este ano escolar, non só serán precisas medidas hixiénicas e preventivas, tamén de organización e de metodoloxía. A fin de garantir o dereito de acceso á educación ao alumnado que eventualmente se encontrar en situación de confinamento, vai haber na súa disposición a plataforma *Aula Virtual*, así como as ferramentas do espazo *Abalar*. Ningún membro da comunidade educativa debe ficar atrás, por iso, esta programación pretende adaptar-se a esas novas medidas:

-Nos niveis non iniciais van-se acrecentar unidades de conteúdos (unidades 0 das alíneas 3.2.1, 3.3.1, 3.4.1 e 4.2.1) que contemplan aqueles que se deixaron de dar no ano escolar 2019/20, nomeadamente se son imprescindíbeis.

- Acrecentaron-se as alíneas 5.1, 6.1 e 8.5 en referencia á metodoloxía, á cualificación e á avaliación, para o seguimento á distancia do alumnado confinado e así garantir o dereito á avaliación.

- A educación para a saúde vai ser o elemento transversal fulcral neste ano escolar para traballar.

Este departamento ten como expectativa formar cidadáns suficientemente competentes en lingua castellana, noutras palabras, dotar o alumnado das necesarias e adecuadas ferramentas lingüísticas para se desenvolver en situacións cotidianas e formais con normalidade, sempre tendo en conta a cooficialidade coa lingua galega, a fin de evitar interferencias. Por outra banda, a competencia lingüística en si é a principal ferramenta para a adquisición dos demais coñecimentos e para o desenvolvemento autónomo deses cidadáns na vida cotidiana, tanto para a comprensión dos conteúdos dos medios de comunicación como para as relacións coa administración, desde un acceso digno á cultura até unha formación que provexa de saídas profesionais para a mellora das

condicións sociais e persoais. Conseguir conxugar estes catro puntos cardeais non é tarefa sinxela, por tanto, o profesorado deste departamento ten de contar cos medios máis ao alcance, coa dotación do centro, coa preparación suficiente e coa dedicación que se requere. A proposta desta programación está suxeita aos axustes que foren necesarios, que se reflectirán nas actas do departamento.

O grupo de 2 Bacharelato foi dividido en dous polo elevado número de alumnado, en tanto que desapareceu a optativa de Literatura Universal ao non haber matriculados. Por tanto, a distribución de grupos por membros do departamento para o ano lectivo 2020-2021 vai ser a seguinte:

Montserrat Santos Barroso: 1ESO A e B, 2 ESO B, 3 ESO A e B

Alfredo Pérez Romero: 2 Bacharelato B, tutor de 2 Bacharelato B.

Juan Ignacio Alonso Suárez: 2ESOA, 4 ESO A e B, 1 Bacharelato, 2 Bacharelato A, tutor de 4ESO A e xefe do departamento.

2 . Contribución ao desenvolvemento das competencias-chave.

A materia de Lingua Castellana e Literatura relaciona-se co conseguimento das competencias esenciais a través dos seguintes contributos ligados aos contéudos curriculares (v. alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2, 3.4.2 para ESO; 4.1.2 e 4.2.2 para Bacharelato):

Competencias-chave e contribución da materia de LCL ao desenvolvemento delas
<p>CL. Competencia lingüística</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Escuitar e comprender diversas mensaxes orais para falar clara e concisamente en diversas situacións comunicativas. <input type="checkbox"/> Ler e comprender diferentes textos, adoptando estratexias apropiadas segundo o obxectivo da lectura (informativa, de estudo ou de lecer) para os utilizar como ferramenta básica de aprendizaxe. <input type="checkbox"/> Falar e escribir diversos tipos de discursos e textos coa corrección e o rigor máis adecuados para comunicar ideas e pensamentos e elaborar traballos propostos. <input type="checkbox"/> Asimilar vocabulario que enriqueza a propia bagaxe cultural básica e estratexias para a correcta fluidez verbal e adquirir estruturas gramaticais que incidan na cualidade da expresión, mediante contribucións literarias. <input type="checkbox"/> Procurar, recoller e procesar información escrita, dados e conceptos a fin de usá-los no estudo e para organizar os coñecimentos de forma sistemática. <p><i>-A competencia en comunicación lingüística ten de ser a base principal, como vehículo canalizador, de todo o desenvolvemento competencial. Non se pode entender a aprendizaxe sen comunicación social e sen interacción con todas as actividades do ser humano.</i></p>
<p>CM. Competencia matemática, de ciencias e tecnoloxía</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Comprender e analizar información con contéudo matemático, científico ou tecnolóxico proveniente de calquer campo, para argumentar e resolver problemas da vida cotidiana. <input type="checkbox"/> Usar a lóxica matemática, o raciocinio científico e a terminoloxía técnica adecuadamente para chegar a conclusións e tomar decisións. <input type="checkbox"/> Comprender e resolver problemas sobre o mundo das ideas, o natural e o tecnolóxico valorando a súa incidencia no espazo próximo para facer hipóteses co obxectivo de coñecer mellor os fenómenos. <input type="checkbox"/> Obter información cualitativa e cuantitativa sobre o espazo físico e os fenómenos que nel se producen, valorando a súa incidencia para propor respostas adecuadas á realidade existente. <p><i>-A correcta expresión oral e escrita permite canalizar a mellora social, a interacción co entorno e o enriquecemento persoal.</i></p>
<p>CD. Tratamento da información e competencia dixital</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Coñecer e usar procesadores de textos cunha actitude positiva a fin de os utilizar en diversidade de tarefas. <input type="checkbox"/> Organizar, analizar e comprender a información con actitude crítica e reflexiva para utilizar adecuadamente procesadores de textos. <p><i>-O uso de suportes electrónicos na composición de textos é algo máis do que unha mera mudanza do papel por unha base dixital, xa que afecta ás operacións mesmas que interveñen no proceso de escrita (planificación, execución de textos, revisión...) e que constitúen un dos fundamentos básicos desta área e incide directamente na adquisición e mellora da competencia dixital. Porén, os novos medios de comunicación dixitais que se renovan continuamente implican un uso social e colaborativo da escrita que permite comprender a aprendizaxe da lingua no marco dun auténtico intercambio comunicativo.</i></p>

CS. Competencia social e cívica

Comunicar-se cos demais, comprender o que transmiten e aproximar-se a outras realidades respectando os seus valores para lograr unha actitude democrática en múltiples situacións.

Coñecer e comprender os dereitos humanos, civís e constitucionais e valorá-los a fin de participar correcta e criticamente nas situacións que se presentaren.

-Por outra parte, tamén contribúe-se ao desenvolvemento desta competencia na medida en que unha educación lingüística satisfactoria valora todas as linguas como igualmente aptas e enriquecedoras para desempeñar as funcións de comunicación e de representación.

CC. Consciencia e expresións culturais

Interpretar e valorar obras literarias próximas dos seus gustos e intereses con actitude crítica.

Coñecer a pluralidade cultural de España e da Europa con actitude aberta á diversidade para a respeitar e a apreciar.

Relacionar os puntos de vista e manifestacións expresivas e creativas propias cos dos demais de forma positiva para os presentar e comunicar en traballos e proxectos concretos.

-A lectura, a comprensión e a valoración de obras literarias contribúen desenvolvendo a capacidade de entender os recursos lingüísticos e literarios e o gusto pola lectura como actividade enriquecedora e pracenteira, á vez que se canaliza a tendencia natural do ser humano ao xogo, ao pracer, á liberdade ou á imaxinación creadora.

AA. Competencia para aprender a aprender

Desenvolver capacidades de atención, concentración, memoria, comprensión e expresión lingüística co fin de utilizar distintos textos en múltiples contextos.

Propor-se metas alcanzábeis a curto, medio e longo prazo e cumprí-las, elevando os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista para administrar o esforzo persoal.

Aceitar erros e aprender dos demais e con eles con actitude auto-avaliadora para realizar as correccións oportunas en diferentes contextos.

-A auto-avaliación e os procesos de pensamento favorecen no alumnado a posibilidade de avanzar aprendendo dos erros e de comunicar as súas experiencias integrando o emocional e o social.

SI. Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Analizar posibilidades e limitacións lingüísticas con actitude positiva para actuar estratexicamente con decisión e responder de forma positiva ante as circunstancias.

Tomar consciencia das propias capacidades intelectuais, emocionais e físicas para traballar de forma cooperativa e flexíbel como parte dunha equipa.

-A comunicación verbal e non verbal das diferentes linguas que se usen contribuirá ao aumento da autoestima e garantirá a interacción social e a seguridade en un mesmo.

Por súa vez, estas competencias van-se concretizar en cada nivel, en atención á *ORDEN ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato*, como se expón no cuadro seguinte. Os padróns de aprendizaxe de referencia son os do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (v. alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2, 3.4.2, 4.1.2, 4.2.2 e 5.2 desta programación).

Competencias-Chave	Padróns de aprendizaxe avaliábeis por cursos e materias						
	1 ESO	2 ESO	3 ESO	4 ESO	1 Bach	2 Bach	
a) Competencia lingüística (CL)	LCLB1.1.1-5.1 LCLB2.1.1-4.3 LCLB3.1.1-7.1 LCLB4.1.1-3.2	LCLB1.1.1-5.4 LCLB2.1.1-5.3 LCLB3.1.1-9.1 LCLB4.1.1-4.2	LCLB1.1.1-6.2 LCLB2.1.1-7.4 LCLB3.1.1-10.1 LCLB4.1.1-7.2	LCLB1.1.1-1.8 LCLB2.1.1-7.4 LCLB3.1.1-12.1 LCLB4.1.1-6.3	LCL1B1.1.1-3.2 LCL1B2.1.1-4.4 LCL1B3.1.1-10.1 LCL1B4.1.1-4.3	LCLB1.1.1-4.5 LCLB2.1.1-4.3 LCLB3.1.1-11.1 LCLB4.1.1-5.1	
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CM)	LCLB2.1.3 LCLB2.4.3	LCLB2.1.5 LCLB2.2.2 LCLB2.5.2	LCLB2.1.2-1.3 LCLB2.7.1	LCLB2.1.3 LCLB2.2.6 LCLB3.6.2	LCL1B2.2.2	LCL2B1.4.3	
c) Competencia dixital (CD)	LCLB1.3.2 LCLB2.2.1-2.3 LCLB2.4.3 LCLB3.2.1	LCLB1.4.2 LCLB2.3.1-3.2 LCLB2.5.3	LCLB1.4.2 LCLB2.4.1 LCLB2.7.4 LCLB4.7.2	LCLB1.2.5 LCLB1.6.1 LCLB2.4.2 LCLB2.7.4 LCLB3.5.1 LCLB4.6.1 LCLB4.6.3	LCL1B1.1.1 LCL1B2.4.1-4.4 LCL1B3.6.1 LCL1B4.4.2	LCL2B1.4.2 LCL2B2.3.2	
d) Aprender a aprender (AA)	LCLB1.3.1 LCLB1.3.3 LCLB2.2.1 LCLB2.4.1 LCLB3.5.1 LCLB3.7.1 LCLB4.3.1	LCLB1.2.3-2.4 LCLB1.4.3 LCLB3.9.1 LCLB4.2.2 LCLB4.4.2	LCLB1.5.5 LCLB2.1.3 LCLB2.5.1 LCLB2.6.3 LCLB3.1.1-1.2 LCLB3.2.1 LCLB3.4.2 LCLB3.7.2 LCLB3.9.1 LCLB3.10.1 LCLB4.4.2 LCLB4.6.2	LCLB1.2.3-2.4 LCLB1.2.6 LCLB1.4.3 LCLB1.6.5 LCLB2.1.5 LCLB2.2.6 LCLB2.3.2 LCLB2.4.3 LCLB2.5.2 LCLB2.5.4-5.5 LCLB2.6.4-6.5 LCLB3.3.3 LCLB3.11.1 LCLB3.12.1 LCLB4.4.2 LCLB4.5.2	LCL1B1.1.4 LCL1B1.2.3 LCL1B2.1.3 LCL1B2.4.1 LCL1B3.6.1 LCL1B3.9.1 LCL1B3.10.1 LCL1B4.2.1 LCL1B4.4.1-4.2	LCL2B1.2.1 LCL2B1.4.5 LCL2B2.1.2 LCL2B2.2.3 LCL2B3.1.2 LCL2B3.6.6 LCL2B3.10.1 LCL2B3.11.1 LCL2B4.5.1	
e) Competencias sociais e cívicas (CS)	LCLB1.1.1 LCLB1.5.1 LCLB2.3.1 LCLB3.4.1 LCLB3.6.1 LCLB4.2.2 LCLB4.3.2	LCLB1.3.1 LCLB1.4.1 LCLB1.5.2 LCLB1.6.1-6.2 LCLB2.4.1 LCLB3.8.1 LCLB4.3.1	LCLB1.1.2 LCLB1.3.1 LCLB1.6.1 LCLB2.3.3 LCLB2.7.4 LCLB3.8.1-8.2 LCLB4.3.1 LCLB4.4.2	LCLB1.1.5-1.6 LCLB1.3.1 LCLB1.3.5 LCLB1.7.3 LCLB2.2.2 LCLB2.3.3 LCLB3.8.2 LCLB3.10.2 LCLB4.2.3 LCLB4.3.2 LCLB4.6.2	LCL1B1.1.3 LCL1B1.3.1-3.2 LCL1B2.1.2 LCL1B2.2.3 LCL1B2.3.2 LCL1B3.5.3 LCL1B3.7.1 LCL1B3.8.1-8.2 LCL1B3.9.1 LCL1B4.3.2	LCL2B1.3.1 LCL2B1.4.1 LCL2B3.2.2 LCL2B3.9.1 LCL2B3.9.2 LCL2B4.3.1	
f) Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SI)	LCLB1.2.1 LCLB2.2.1	LCLB1.4.1 LCLB2.4.1	LCLB4.4.2 LCLB4.7.1	LCLB4.1.3 LCLB4.3.2 LCLB4.6.2	LCL1B4.4.1-4.3	LCL2B2.3.1 LCL2B3.5.2 LCL2B3.6.2	
g) Consciencia e expresións culturais (CC)	LCLB4.1.1 LCLB4.2.1-2.2 LCLB4.3.1-3.2	LCLB2.5.2 LCLB3.4.1-4.2 LCLB4.2.1 LCLB4.4.1	LCLB1.4.2 LCLB2.7.3 LCLB4.1.1 LCLB4.2.1 LCLB4.3.1 LCLB4.4.1 LCLB4.5.1 LCLB4.6.1 LCLB4.7.1-7.2	LCLB1.8.1 LCLB2.7.3 LCLB4.1.1-1.3 LCLB4.2.1-2.3 LCLB4.3.1-3.4 LCLB4.4.1-4.2 LCLB4.5.1-5.2 LCLB4.6.2	LCL1B3.4.1 LCL1B4.1.1 LCL1B4.2.2 LCL1B4.3.1 LCL1B4.3.2	LCL2B4.1.1-2.2 LCL2B4.3.1	

3 . Educación Secundaria Obrigatoria

Este capítulo, a par da temporalización dos contéúdos para cada nivel de ESO (alíneas 3.1.1, 3.2.1, 3.3.1 e 3.4.1), incluí unhas matrices ou cuadros nas que se presentan, relacionados entre si, os contéúdos, os criterios de avaliación, os padróns (estándares) de aprendizaxe, os instrumentos de avaliación máis adecuados e a valoración dos padróns de cada un dos niveis de ESO en Lingua Castellana e Literatura (alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2 e 3.4.2). Serven para que o profesorado poda deseñar a propia programación de aula e avaliar o alumnado.

Nas matrices intituladas *Grau mínimo de consecución para superar a materia*, os contéúdos e os criterios de avaliación están relacionados cos obxectivos xerais de etapa (indicados cunha letra minúscula) que se poden consultar no anexo I, á vez que coas competencias-chave (representadas por unhas siglas) xa desenvolvidas na tabela no capítulo 2. Cumpre resaltar, con respecto disto, que a Competencia Lingüística está implícita en todos os contéúdos, por tanto, nos espazos destinados a ela só se indica nos casos en que a súa relevancia sexa exclusiva ou especialmente importante.

Os padróns de aprendizaxe están departidos en descritores de tarefas asociadas que se valorizan nunha escala de 1 a 4: As básicas e indispensábeis, obrigatorias para aprobar, valorízanse con 4 e constitúen o grau mínimo que debe de alcanzar un alumno ou alumna para ter un suficiente na materia, por tanto, ao seren indispensábeis, teñen que se cumprir totalmente. As tarefas valorizadas con 3 e 2, consideradas intermedias, serven para ampliar coñecimentos, sumando-se ás básicas, e chega con alcanzar o grau 3 «atinxido» ou 2 «en proceso», segundo o nivel de complicación, para ter un suficiente. As valorizadas con 1 son as precisas para alcanzar a excelencia.

Desta maneira, os propios padróns de aprendizaxe clasifícanse en tres categorías cuns valores porcentuais: *básicos* (B) = 55%, *intermedios* (I) = 35% e *avanzados* (A) = 10%.

As formas de avaliar as tarefas dos padróns de aprendizaxe indican-se cunhas siglas que se poden consultar nunha tabela no capítulo 5, alínea **b**) baixo o epígrafe de «Instrumentos de avaliación». Na matriz organizan-se en tipos de preguntas que poden aparecer nun exame (EX), en intervencións por escrito que pode facer o alumnado (PA), en actividades que se poden comprobar oralmente (IOA) e noutros tipos de observacións (OO).

Por exemplo: un alumno de 3 ESO que non «*Atende ás explicacións, normas, instrucións... do profesor ou doutro alumnado na realización de tarefas na aula*» e que lle é valorizada a tarefa cun 3 tendo que conseguir un 4 por medio do instrumento de avaliación **OO** «4. Outras observacións b. Observación da actividade do alumnado: En actividades dentro (explicacións, exercicios...) [...] da aula...», como consecuencia, non chega a alcanzar o obxectivo **h** «Comprender [...] oralmente e por escrito, [...] na lingua castelá, [...] mensaxes complexas...» nen adquiriu a competencia-chave **CL** «Escuitar e comprender diversas mensaxes [...] en diversas situacións comunicativas». Por tanto, non alcanza o indispensábel para superá-lo e non pode ter un suficiente.

Como consecuencia das características especialmente excepcionais deste ano 2020/21 consideramos incluír unhas unidades extraordinarias en 2º, 3º e 4º de ESO numeradas como 0 (cero). Estas corresponden aos contidos mínimos non dados no ano escolar 2019/20 en 1º, 2º e 3º de ESO respectivamente e que se consideran imprescindíbeis. Poden-se explicar ben como unidades introdutorias específicas (por exemplo, as de Literatura de 3 ESO en 4 ESO, xa que teñen contidos de carácter progresivo) ou ben distribuíndo os contidos na introdución, repase ou avaliación inicial das unidades correspondentes (por exemplo, nas de Sintaxe, porque son contidos acumulativos). Os padróns (estándares) de aprendizaxe son os do curso anterior.

3.1 . 1º de ESO

3.1.1 . Temporalización. 1 ESO

Tempo	Distribución	Blocos	Sesións	Padróns
Primeiro trimestre	Unidade 1 de lingua	1.Comunicación oral. Escuitar e falar. O texto oral persuasivo. Narración de feitos históricos. A opinión persoal.	Set. 1	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB 1.4.1
		2.Comunicación escrita. Ler e escribir. Texto informativo. A comunicación e os seus elementos. Comunicación verbal e non verbal.	Set. 2	LCLB2.1.1 -2.3 LCLB2.3.1 LCLB2.4.1-4.3
		3.Coñecemento da lingua. A linguaxe e a lingua. Linguas en contacto. As linguas de España. Dialectos do castellano e dialectos históricos. As variedades sociais e individuais da lingua.	Set. 3 Out. 2	LCLB3.2.1 LCLB3.6.1
	Unidade 2 de lingua	1.Comunicación oral. Escuitar e falar. O texto expositivo. Tabua de dados. O signo: signos naturais e artificiais.	Out. 1	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB1.4.1
		2.Comunicación escrita. Ler e escribir. Texto informativo. Gráficos. A adecuación textual. Coherencia textual. A estrutura interna do texto.	Out. 1	LCLB2.1.1 -2.3 LCLB2.3.1 LCLB2.4.1-4.3
		3.Coñecemento da lingua. A palabra e a súa estrutura: lexemas e morfemas. Clases de morfemas: flexivos, derivativos e apreciativos. Clases de palabras segundo a forma: simples, derivadas e compostas. Parasintese, siglas, acrónimos, encurtamentos e abreviaturas.	Out. 8	LCLB3.1.1-1.3
	Unidade 3 de lingua	1.Comunicación oral. Escuitar e falar Texto oral narrativo. Claridade expositiva, adecuación, coherencia e cohesión do contido e aspectos prosódicos, mirada, posicionamento, linguaxe corporal. Normas básicas de interacción	Out. 2	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB1.4.1
		2.Comunicación escrita. Ler e escribir. Narración de vivencias persoais. Texto informativo. Nota, aviso, diario, carta.	Nov. 2	LCLB2.1.1 -2.3 LCLB2.3.1 LCLB2.4.1-4.3
		3.Coñecemento da lingua. Determinantes: clases. Artigo. Adxectivos determinativos. Nota, aviso, diario, carta.	Nov. 8	LCLB3.1.1-1.3
Unidade 1 de literatura	1.Comunicación oral. Escuitar e falar. O texto informativo: imaxens visuais e verbais.	Nov. 1	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB 1.4.1	
	4.Educación literaria. Definición de literatura. Literatura oral e escrita. O mito e a lenda. Os xéneros literarios. Os subxéneros. O verso: métrica e rima. Estrofas e figuras literarias.	Nov. 1 Dec. 6	LCLB4.1.1 LCLB4.2.1-2.2 LCLB4.3.1-3.2	
Manual de ortografía e léxico	3.Coñecemento da lingua. Grafas b/v, g/j. A sílaba. Regras xerais de acentuación. Puntuación: punto, coma, punto e coma, dous puntos, suspensivos.	Dec. 3	LCLB3.1.2	

Segundo trimestre	Unidade 4 de lingua	1.Comunicación oral. Escuitar e falar. O texto persuasivo. A descrición dun lugar.	Xan. 1	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB 1.4.1
		2.Comunicación escrita. Ler e escribir. A descrición: clases e recursos. A descrición obxectiva: características e estrutura. A cohesión lóxica. O texto informativo: o plano.	Xan. 6	LCLB2.1.1 -2.3 LCLB2.3.1 LCLB2.4.1-4.3
		3.Coñecemento da lingua. Léxico: sinónimos e hiperónimos. Campo léxico e campo semántico. O substantivo: xénero e número, o epiceno, ambigüidade e falso xénero; o falso número. Clasificación segundo o significado. O substantivo no grupo nominal.	Xan. 2 Feb. 1	LCLB3.1.1-1.3 LCLB3.2.1
	Unidade 5 de lingua	1.Comunicación oral. Escuitar e falar. Narración de experiencias e de feitos fantásticos.	Feb. 1	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB 1.4.1
		2.Comunicación escrita. Ler e escribir. Narración literaria e non literaria. Elementos. Descrición e diálogo na narración. O resumo.	Feb. 2	LCLB2.1.1 -2.3 LCLB2.3.1 LCLB2.4.1-4.3
		3.Coñecemento da lingua. O pronome. Clases de pronomes. A deixis pronominal.	Feb. 2	LCLB3.1.1-1.3 LCLB3.2.1
	Unidade 6 de lingua	1.Comunicación oral. Escuitar e falar. O texto expositivo: a exposición dun tema.	Feb. 1	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB 1.4.1
		2.Comunicación escrita. Ler e escribir. O texto explicativo: estrutura. Os conectores textuais lóxicos. Texto informativo: esquema numérico.	Feb. 2	LCLB2.1.1 -2.3 LCLB2.3.1 LCLB2.4.1-4.3
		3.Coñecemento da lingua. Adxectivo: concordancia, graus e tipos.	Feb. 1	LCLB3.1.1-1.3
	Unidade 2 de literatura	1.Comunicación oral. Escuitar e falar. A exposición. A recomendación de leituras.	Mar. 1	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB 1.4.1
		2.Comunicación escrita. Ler e escribir. Elaboración de textos narrativos.	Mar. 1	LCLB2.1.1 -2.3 LCLB2.3.1 LCLB2.4.1-4.3
		4.Educación literaria. A narración: elementos.	Mar. 3	LCLB4.1.1 LCLB4.2.1-2.2 LCLB4.3.1-3.2
Unidade 3 de literatura	1.Comunicación oral. Escuitar e falar. A obra teatral.	Mar. 1	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB 1.4.1	
	2.Comunicación escrita. Ler e escribir. Elaboración de textos dialogados.	Mar. 2	LCLB2.1.1 -2.3 LCLB2.3.1 LCLB2.4.1-4.3	
	4.Educación literaria. O teatro: o texto e elementos.	Mar. 3	LCLB4.1.1 LCLB4.2.1-2.2 LCLB4.3.1-3.2	
Manual de ortografía e léxico	3.Coñecemento da lingua. Grafías ll/y, uso do h, c/z, qu/k. Acentuación: ditongos, tritongos e hiatos Puntuación: interrogación e exclamación, parénteses, travesón, aspas. Fenómenos semánticos: sinónimos e antónimos, polisemia e paronimia, homógrafos e homófonos.	Mar. 4	LCLB3.1.2	
Terceiro trimestre	Unidade 7 de lingua	1.Comunicación oral. Escuitar e falar. A noticia. A entrevista persoal.	Abr. 1	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB 1.4.1
		2.Comunicación escrita. Ler e escribir. A noticia: estrutura. Información e opinión. Texto informativo: o mapa conceptual.	Abr. 3	LCLB2.1.1 -2.3 LCLB2.3.1 LCLB2.4.1-4.3
		3.Coñecemento da lingua. O verbo: tempo, modo, número, persoa, aspecto. Conxugación: regular e irregular.	Abr. 3	LCLB3.1.1-1.3
	Unidade 8 de lingua	1.Comunicación oral. Escuitar e falar. As instrucións.	Abr. 1	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB 1.4.1

		2.Comunicación escrita. Ler e escribir. Textos normativos e instrutivos: estrutura e linguaxe. Texto informativo: o cartaz.	Abr. 2	LCLB2.1.1-2.3 LCLB2.3.1 LCLB2.4.1-4.3
		3.Coñecemento da lingua. Adverbio, preposición, conxunción e interxección. Oración: constituíntes. Suxeito léxico, gramatical e omitido. Oracións impersoais. Axente e paciente. Predicado nominal e verbal.	Abr. 1 Mai. 3	LCLB3.1.1-1.3 LCLB3.2.1
Unidade 4 de literatura		1.Comunicación oral. Escuitar e falar. A poesía.	Mai. 2	LCLB1.1.1 LCLB1.2.1 LCLB1.3.1 LCLB 1.4.1
		2.Comunicación escrita. Ler e escribir. Elaboración de textos poéticos.	Mai. 3	LCLB2.4.1-4.3
		4.Educación literaria. Poesía: temas.	Mai. 2 Xuñ. 2	LCLB4.1.1 LCLB4.2.1-2.2 LCLB4.3.1-3.2
Manual de ortografía e léxico		3.Coñecemento da lingua. Puntuación: outros signos de puntuación. Dicionarios: clases. Fenómenos semánticos: sinonimia, antonimia, polisemia, paronimia, homografía e homofonía, familia léxica e campos semánticos, tabús e eufemismos.	Xuñ. 4	LCLB3.1.2

3.1.2 . Grau mínimo de consecución para superar a materia. 1 ESO

Escala de cumprimento dos padróns de aprendizaxe:

1	2	3	4
iniciado	en proceso	atinxido	excelente

Categorización dos padróns de aprendizaxe:

B	I	A	
básico	intermedio	avanzado	

Ponderación: B=55%, I=35%, A=10%

Instrumentos de avaliación: (ver capítulo 6)

EX	PA	IOA	OO
exames	producción do alumnado	intercambios orais co alumnado	outras observacións

Competencias-chave: (v. cap. 2)

CL= Competencia lingüística	CM= Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	CD= Competencia dixital	AA= Aprender a aprender	CS= Competencias sociais e cívicas	SI= Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	CC= Consciencia e expresións culturais
-----------------------------	---	-------------------------	-------------------------	------------------------------------	--	--

Objetivos	Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO							Competencias
	Referencia: Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia			Descritores de tarefas asociadas aos padróns	Grau	Instrumentos de avaliación	Categoría	
	Conteúdos	Criterios de avaliación	Padróns de Aprendizaxe					
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar								
h m	B1.1. Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación.	B1.1. Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.	LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.	Atende ás indicacións, normas, instrucións... do profesor na realización de actividades e explicacións na aula.	4	IOA	B	CL CS
				Atende ás explicacións, normas, instrucións... doutro alumnado, por indicación do profesor, na realización de tarefas en común.	4	IOA		
				Comprende o sentido de textos orais e identifica a información relevante.	4	IOA		
				Segue e interpreta instrucións e normas.	4	IOA		
				Respeita as intervencións dos demais sen interromper e atendendo ao contido delas.	4	IOA		
				Respeita o turno de palabra, esperando que o que fala termine a intervención oral para participar.	4	IOA		
a d g	B1.2. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.	B1.2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar.	LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.	Responde preguntas feitas polo profesor ou outros alumnos sobre temas tratados na aula.	4	IOA	I	CL SI
				Intervén nas sesións de aula facendo preguntas, expondo dúbidas, comentando opinións... atendo-se ao tema que se trata.	3	IOA		
				Intervén en debates ou conversas respectando a vez de palabra e as opinións dos demais.	3	IOA		
				Avalía intervencións orais alleas seguindo uns criterios preestablecidos.	2	IOA-PA		

h	B1.3. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.	B1.3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).	LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	Valora a importancia da claridade ao expor un tema.	4	IOA	B	CL AA
				Distingue o que é a adecuación á situación.	4	IOA		
				Distingue o que é a coherencia lóxica.	4	IOA		
				Distingue o que é a cohesión referencial.	4	IOA		
				Recoñece erros de vocabulario, gramaticais, estruturais... en intervencións orais de outros.	2	IOA		
				Valora os erros de vocabulario, gramaticais, estruturais... en intervencións orais de outros.	2	IOA		
			LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	Usa un ton de voz adecuado nas exposicións verbais.	4	IOA	I	CD
				Explica sen limitar-se a ler a exposición oral.	2	IOA		
				Mantén a ollada co auditorio e fai acenos expresivos nas exposicións orais propias.	2	IOA		
				Fai as intervencións orais no tempo exixido.	2	IOA		
				Usa axudas audiovisuais para as intervencións orais.	1	IOA		
			LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	Recoñece ao falar se se cometeron erros léxicos, semánticos, gramaticais, estruturais...	3	IOA	I	AA
				Autocorrixe erros léxicos, semánticos, gramaticais, estruturais...	3	IOA		
Avalía as intervencións orais propias ou alleas cun criterio construtivo.	3	IOA						
g h	B1.4. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.	B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais.	Recoñece os mecanismos de elaboración dunha presentación oral.	3	IOA	I	CL
				Realiza presentacións orais sobre algún aspecto dos contidos tratados na aula.	2	IOA		
				Realiza presentacións orais sobre temas xerais (deportes, noticias, divulgación científica...)	2	IOA		
				Repete instrucións sobre a elaboración de tarefas en grupo aos outros alumnos que participen.	4	IOA		
a d	B1.5. Creación de textos orais e audiovisuais que	B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o	LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comuni-	Prepara intervencións orais de diversos tipos (monólogos, diálogos, memorización...).	4	IOA	B	CS
				Participa en diálogos, monólogos ou conversas sinxelas preparadas con antelación para seren dramatizadas (situacións da vida cotiánea, fragmentos teatrais...)	4	IOA		

h m	reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.	cación.	Recita poemas breves previamente memorizados.	2	IOA		
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir								
h n	B2.1. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal, educativo ou escolar, e de ámbito social.	B2.1. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.	LCLB2.1.1. Retén información e reconece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas.	Le correctamente e con axilidade textos diversos en formato impreso ou dixital.	4	OO	B	CL
				Comprende a idea principal do conteúdo dos textos.	4	PA		
				Comprende as ideas secundarias do conteúdo dos textos.	4	PA		
				Relaciona a idea principal coas secundarias.	4	PA		
			LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe.	Entende instrucións escritas, enunciados de exercicios, problemas matemáticos, etc.	4	OO	B	CL
				Segue as instrucións escritas.	4	OO		
			LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.	Interpreta gráficos, esquemas, mapas conceptuais, mapas xeográficos, fotografías...	2	PA-OO	I	CM
				Explica a información contida en gráficos, esquemas, mapas conceptuais, mapas xeográficos, fotografías...	3	PA-OO		
b e h	B2.2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de in-	B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	Busca información co manexo de ferramentas dixitais e internet sobre temas concretos.	4	OO	B	CD AA- SI
				Busca información básica co manexo de dicionarios, enciclopedias ou obras de referencia sobre temas concretos.	4	OO		
			LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	Busca palabras no dicionario.	4	OO	B	CD
				Fai consultas en dicionarios en liña.	4	OO		
			LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas	Pede información ou asesoramento na biblioteca para pesquisar información sobre temas concretos.	3	OO	I	CD
				Acode á biblioteca a consultar información.	2	OO		

	formación.		(escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	Acode á biblioteca a ler.	1	OO		
				Usa os servizos de empréstito da biblioteca.	1	OO		
g h	B2.3. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.	B2.3. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesivos.	LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.	Planifica textos elaborando esquemas, cuadros sinópticos, mapas conceptuais...	2	PA	I	CS
				Elabora esbozos para planificar textos como paso previo á escrita de textos.	3	PA		
				Revisa a expresión das producións escritas antes da forma definitiva.	4	PA		
h i	B2.4. Producción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social. B2.5. Producción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados.	B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.	Escrebe textos planificados previamente (ditados, textos cun guión de elaboración...).	4	PA-EX	B	CL AA
				Escrebe textos non planificados previamente (redaccións, respostas de exames, resumos...).	4	PA-EX		
				Redacta textos á man.	4	PA-EX		
				Redacta textos con computador usando un procesador.	4	PA		
				Respeita os aspectos externos das producións escritas (marxens, caligrafía, limpeza...) para unha correcta presentación.	3	PA-EX		
				Deseña presentacións dixitais sinxelas como soporte a intervencións orais.	1	OO		
			LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.	Escrebe narracións imitando un modelo.	4	PA-EX	B	CL
				Escrebe descricións imitando un modelo.	4	PA-EX		
				Escrebe textos expositivos imitando un modelo.	4	PA-EX		
				Escrebe opinións imitando un modelo.	4	PA-EX		
				Escrebe diálogos imitando un modelo.	4	PA-EX		

			LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	Realiza esquemas.	3	PA	I	CM CD	
				Realiza mapas conceptuais.	1	PA			
				Resume o contido de textos.	4	PA			
				Explica por escrito imaxens.	4	PA-EX			
				Interpreta por escrito gráficas.	2	PA			
Bloque 3. Coñecemento da lingua									
b h	B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxención.	B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	Recoñece as 8 clases de palabras.	4	PA-EX	B	CL	
				Corrixen ou autocorrixen erros de concordancia de xénero, número, persoa...	4	PA-EX			
				Recoñece os monemas.	4	PA-EX			
				Analiza morfoloxicamente palabras recoñecendo os monemas que as compoñen.	4	PA-EX			
				Recoñece os sintagmas (ou frases) nominal e verbal.	4	PA-EX			
				Recoñece os sintagmas (ou frases) adxectivo, adverbial e preposicional.	4	PA-EX			
				Recoñece os complementos directo, indirecto, circunstancial.	4	PA-EX			
				Recoñece os modificadores dos núcleos.	4	PA-EX			
				Analiza morfoloxicamente oracións simples, distinguindo as clases de palabras.	4	PA-EX			
				Analiza sintacticamente oracións simples, distinguindo as funcións dos sintagmas.	4	PA-EX			
				LCLB3.1.2. Recoñece e corrixen erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	Aplica as regras básicas da ortografía. (<i>g/j, h, ll/y</i>)	4	PA-EX	B	CL
					Aplica as regras básicas de acentuación.	4	PA-EX		
					Corrixen ou autocorrixen erros ortográficos.	4	PA-EX		
					Corrixen ou autocorrixen erros de acentuación.	4	PA-EX		
				LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	Conxuga as formas verbais do presente, do futuro e dos pretéritos perfecto e imperfecto de indicativo.	4	PA-EX	B	CL
					Usa correctamente as formas verbais nos seus escritos.	4	PA-EX		

e h	B3.3. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua.	B3.2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario.	LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.	Ordena letras e palabras alfabeticamente.	4	OO	I	CD
				Busca palabras nun dicionario usando a ordenación alfabética.	4	OO		
				Conecta-se ao dicionario en liña da RAE (http://lema.rae.es/drae/?val) e busca vocábulos.	3	OO		
				Comprende os usos atribuídos nas definicións dos dicionarios (<i>tr., intr., p.us., ant., coloq.</i> etc.)	3	OO		
				Usa o dicionario en papel ou en liña para resolver dúbidas ortográficas.	2	OO		
				Busca palabras homónimas se non se axustan ao contexto proporcionado no texto.	2	OO		
				Usa o dicionario en papel ou en liña para buscar sinónimos.	2	OO		
				Usa o dicionario en papel ou en liña para resolver dúbidas sintácticas (transitividade, dequeísmo...)	1	OO		
				Busca palabras flexionadas (verbos conxugados, femininos ou plurais de substantivos e adxectivos...) nas correspondentes entradas dun dicionario.	3	OO		
Comprende os significados das definicións das palabras en relación co contexto interno do texto.	3	OO						
h	B3.4. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	B3.3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.	LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.	Recoñece os usos de marcadores discursivos aditivos (<i>incluso, es más, además, aparte...</i>)	4	PA-EX	B	CL
				Recoñece os usos de marcadores contrastivos (<i>pero, sin embargo, no obstante, al/por el contrario...</i>)	4	PA-EX		
				Recoñece os usos de marcadores explicativos (<i>o sea, es decir, en/con otras palabras...</i>)	4	PA-EX		
				Usa coherentemente os conectores nas producións orais e escritas.	4	PA-EX		
a h	B3.5. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e da subxectividade a través das modalidades	B3.4. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.	LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	Distingue os conceptos de obxectividade e subxectividade.	4	PA-EX	B	CS CL
				Distingue obxectividade e subxectividade en enunciados ou textos orais ou escritos.	4	PA-EX		
				Identifica a intención do emisor en proposicións (asertiva, interrogativa, exclamativa, dubitativa, desiderativa e imperativa).	4	PA-EX		

	oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos.							
i	B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Elabora carteis ou murais.	3	OO	I	CL AA
				Confeciona presentacións dixitais.	1	OO		
				Comenta películas ou libros.	2	OO		
				Evita comentarios discriminatorios contra caisquer linguas e os seus falantes.	4	OO-PA-EX		
				Evita comentarios discriminatorios de carácter machista, racista, xenófobo ou contra calquer outra condición (discapacitados, homosexuais...)	4	OO-PA-EX		
a h i ñ o	B3.7. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático.	B3.6. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro docente e do ámbito social do alumnado.	LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.	Distingue cales son as linguas de España.	4	PA-EX	B	CS
				Distingue as principais variedades xeográficas do castellano en España.	4	PA-EX		
				Recoñece a diversidade lingüística da Galiza, de España e a súa problemática.	4	PA-EX		
				Valora a diversidade lingüística da Galiza e de España, as súas vantaxes e dereitos.	4	PA-EX		
g h	B3.8. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	Aplica estratexias para solucionar dúbidas da ortografía castellana por meio do galego (<i>h, ll/y...</i>)	3	PA-EX	I	AA
				Soluciona dúbidas ortográficas produto de interferencias entre galego e castellano. (<i>hay/hai, ata/hasta, boda/voda...</i>)	3	PA-EX		
				Traduce textos breves e expresións do galego para o castellano.	2	PA-EX		
				Soluciona dúbidas léxicas produto de interferencias entre o galego e o castellano.	3	PA-EX		

Bloque 4. Educación literaria									
h i n	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.	B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura.	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.	Le 3 obras literarias obrigatorias.	4	EX	B	CL CC	
				Le outras obras literarias voluntariamente.	1	OO			
				Le fragmentos de obras literarias das actividades na aula.	4	IOA			
				Distingue os xéneros literarios e as súas características básicas.	4	PA-EX			
				Recoñece as principais figuras literarias (personalización, aliteración...).	4	PA-EX			
				Mede os versos de poemas sinxelos e familiariza-se con algunhas estrofas: pareado, terceto, cuarteto, soneto, romance.	4	PA-EX-IOA			
		B4.2. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras.	Fala das leituras e comenta-as na aula.	4	IOA	A	CC	
				Recomenda leituras.	1	IOA			
			LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.	Dramatiza textos ao le-los.	3	OO	I	CC CS	
				Reflexiona sobre situacións, sentimentos, impresións, vivencias, etc. presentes nas leituras, ligando-o coas propias experiencias.	3	PA-OO			
				LCL1B2.3.2. Interpreta diversos anuncios impresos identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir o receptor, valorando criticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas discriminatorias.	Interpreta anuncios impresos.	4	PA-OO	B	CD
					Recoñece a información relevante en anuncios impresos.	4	PA-OO		
					Distingue o contido informativo do persuasivo en anuncios.	4	PA-OO		
					Valora criticamente o contido e a forma en anuncios.	4	PA-OO		
					Valora criticamente as ideas discriminatorias contidas en anuncios.	4	PA-OO		

			LCL2B2.3.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos: organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía...	Coñece as normas de presentación de traballos de investigación ou monografías.	4	PA-OO	B	CL			
				Presenta traballos escritos con limpeza, orden, claridade e respectando marxens, espazamentos, tabulacións e espazos entre parágrafos.	4	PA-OO					
				Distribuí o corpo do texto en capítulos ou alíneas con epígrafes.	4	PA-OO					
				Reproduce citas enmarcando-as con aspas e indicando a procedencia.	4	PA-OO					
				Incluí notas ao pé de páxina nos traballos.	3	PA-OO					
				Cita fontes bibliográficas ou internéticas seguindo os procedementos establecidos (<i>títulos en itálico</i>).	4	PA-OO					
b e g h	B2.1. Comunicación escrita nos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial: elementos; xéneros textuais. B2.2. Análise e comentario de textos escritos do ámbito educativo.	B2.4. Analizar textos escritos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os seus trazos formais característicos e relacionando as súas características expresivas coa intención comunicativa e co resto dos elementos da situación comunicativa.	LCL2B2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais presentes nun texto expositivo ou argumentativo procedente dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, utilizando a terminoloxía gramatical adecuada e pondo de manifesto a súa relación coa intención comunicativa do emisor e cos trazos propios do xénero textual.	Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais nun texto expositivo ou argumentativo en relación coa intención comunicativa do emisor.	3	PA-EX	B	CL			
				Relaciona os trazos gramaticais e pragmático-textuais de textos expositivos ou argumentativos co xénero textual correspondente.	4	PA-EX					
				Utiliza terminoloxía gramatical adecuada para describer trazos gramaticais e pragmático-textuais nun texto expositivo ou argumentativo.	3	PA-EX					
					LCL2B2.4.2. Recoñece, describe e utiliza os recursos gramaticais (substitución pronominal, uso reiterado de determinadas estruturas sintácticas, correlación temporal, etc.) e léxico-semánticos (substitución por sinónimos, hipónimos e hiperónimos, reiteracións léxicas, etc.) que proporcionan cohesión aos textos escritos.	Identifica os recursos gramaticais (substitución pronominal, reiteración de determinadas estruturas sintácticas, correlación temporal etc.) de cohesión referencial en textos.	3	PA-EX	I	CL	
					Explica os recursos gramaticais de cohesión referencial dos textos.	3	PA-EX				
					Identifica os recursos léxico-semánticos (substitución por sinónimos, hipónimos e hiperónimos, reiteracións léxicas etc.) de cohesión referencial en textos.	3	PA-EX				
					Explica os recursos léxico-semánticos de cohesión referencial dos textos.	3	PA-EX				
					Usa recursos gramaticais e léxico-semánticos de cohesión en textos propios.	3	PA-EX				
					LCL2B2.4.3. Recoñece e explica os procedementos	Identifica as características e funcións do estilo directo, indirecto, indirecto libre e citación encoberta.	3	PA-EX	I	CL	

			de cita (estilo directo, indirecto ou indirecto libre, e cita encuberta) presentes en textos expositivos e argumentativos, así como a súa función no texto.	Explica as características e funcións do estilo directo, indirecto, indirecto libre e citación encoberta en textos expositivo-argumentativos.	2	PA-EX			
Bloque 3. Coñecemento da lingua									
d e	B3.1. Análise e explicación do léxico castelán e dos procedementos de formación.	B3.1. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras en español, aplicando os coñecementos adquiridos para a mellora, a comprensión e o enriquecemento do vocabulario activo.	LCL2B3.1.1. Explica os procedementos de formación das palabras diferenciando entre raíz e afixos, e explicando o seu significado.	Explica os procedementos de formación das palabras (composición, derivación...)	4	PA-EX	B	CL	
				Diferencia entre raíz e afixos.	4	PA-EX			
				Explica o significado de palabras tendo en conta os procedementos de formación.	4	PA-EX			
				LCL2B3.1.2. Recoñece e explica a procedencia grecolatina de grande parte do léxico español e valora o seu coñecemento para a dedución do significado de palabras descoñecidas.	Identifica e explica a procedencia grecolatina de grande parte do léxico español.	3	PA-EX	I	AA
				Deduce o significado de palabras descoñecidas polos afixos cultos que presentan.	3	PA-EX			
e	B3.2. Substantivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica. B3.3. Adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica. B3.4. Verbo: flexión verbal; perífrase verbal. B3.5. Pronome: tipoloxía e valores gramaticais. B3.6. Determinantes: tipoloxía e usos. B3.7. Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes: relacións gramaticais. B3.8. Adverbio: tipoloxía e valores gramati-	B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais, e explicar os seus usos e valores nos textos.	LCL2B3.2.1. Identifica e explica os usos e os valores das categorías gramaticais, en relación coa intención comunicativa do emisor, coa tipoloxía textual seleccionada e con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	Recoñece e identifica os valores das categorías gramaticais (caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica).	3	PA-EX	I	CL	
				Recoñece e identifica os usos e relacións das categorías gramaticais con respecto da intención comunicativa do emisor, do tipo de texto e de aspectos da situación comunicativa.	3	PA-EX			
				Explica os usos e valores das categorías gramaticais nun texto segundo a intención comunicativa do emisor, co tipo de texto e con aspectos da situación comunicativa.	3	PA-EX			
				LCL2B3.2.2. Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados en contextos comunicativos formais e especializados.	Usa léxico e terminoloxía adecuados en contextos comunicativos formais e especializados.	3	PA-EX	B	CS
				Evita o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións-clixé en textos formais e especializados .	4	PA-EX			

	cais. B3.9. Preposicións, conxuncións e interxeccións: tipoloxía e valores gramaticais.							
d e	B3.10. Observación, reflexión e explicación do significado das palabras. Denotación e connotación.	B3.3. Identificar e explicar os niveis de significado das palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito en que aparecen.	LCL2B3.3.1. Explica con propiedade o significado de palabras ou expresións, diferenciando o seu uso denotativo e connotativo, e relacionándoo coa intención comunicativa do emisor.	Diferencia o significado denotativo e connotativo en palabras ou expresións dependendo do contexto.	4	PA-EX	B	CL
				Explicar o significado denotativo e connotativo de palabras ou expresións en relación co contexto.	3	PA-EX		
			LCL2B3.3.2. Recoñece, analiza e interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedemento de cohesión referencial.	Distingue as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedemento de cohesión referencial.	4	PA-EX	B	CS
				Analiza e interpreta as relacións semánticas (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) entre palabras nun texto.	4	PA-EX		
d e	B3.11. Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas. Conexións lóxicas e semánticas nos textos.	B3.4. Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas.	LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada.	Recoñece as estruturas sintácticas simples e complexas nun texto.	4	PA-EX	B	CL
				Usa a terminoloxía gramatical adecuada para explicar estruturas sintácticas.	4	PA-EX		
				Explica as funcións e o significado establecidos entre as estruturas sintácticas co verbo da oración principal.	3	PA-EX		
d e	B3.11. Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas. Conexións lóxicas e semánticas nos textos. B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos. Inter-	B3.5. Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, a autoavaliación e a mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.	Incorpora estruturas sintácticas variadas xa adquiridas para revisar e mellorar discursos e textos propios.	3	PA-EX	I	CL
			LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mello-	Auto-avalía e mellora textos orais e escritos propios aplicando os coñecementos sintácticos aprendidos.	4	PA-EX		

	textualidade.		ra dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.								
d e m	B3.13. Identificación e uso dos recursos expresivos que marcan a obxectividade e a subxectividade. B3.14. Observación, reflexión e explicación da deixé temporal, espacial e persoal.	B3.6. Aplicar os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	LCL2B3.6.1. Recoñece, analiza e explica as características lingüísticas e os recursos expresivos de textos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa, e utilizando a análise para aprofundar na comprensión do texto.	Identifica e analiza as características lingüísticas e os recursos expresivos dos diversos tipos de textos.	3	PA-EX	B	CL			
			Relaciona os usos lingüísticos nun texto coa intención do autor e os demais elementos da situación comunicativa.	3	PA-EX						
			Explica as características lingüísticas e os recursos expresivos de textos diversos.	3	PA-EX						
						LCL2B3.6.2. Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	Relaciona os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade) coa intención do emisor e a situación comunicativa de textos diversos.	3	PA-EX	I	CS
			Relaciona as referencias deícticas temporais, espaciais e persoais coa intención do emisor e a situación comunicativa de textos diversos.	3	PA-EX						
						LCL2B3.6.3. Recoñece e explica os procedementos de inclusión do emisor e do receptor no texto.	Identifica os procedementos de inclusión do emisor e do receptor.	4	PA-EX	B	CL
			Explica os procedementos de inclusión do emisor e do receptor nun texto.	4	PA-EX						

			LCL2B3.6.4. Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.	Identifica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais.	3	PA-EX	I	CL
				Explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.	3	PA-EX		
			LCL2B3.6.5. Recoñece, explica e utiliza os procedementos de cita.	Identifica e explica os procedementos de citación (citas literais, notas de rodapé, bibliografía...)	3	PA-OO	I	CL
				Utiliza os procedementos de citación en traballos propios.	3	PA-OO		
			LCL2B3.6.6. Revisa textos escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando as súas incorreccións (concordancias, réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.), con criterios gramaticais e terminoloxía apropiada, co obxecto de mellorar a expresión escrita e avanzar na aprendizaxe autónoma.	Identifica e explica incorreccións (desconcordancias, de réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.) na revisión de textos propios ou alleos.	3	PA-EX	B	AA
				Usa criterios gramaticais e terminoloxía apropiada na revisión das incorreccións de textos propios ou alleos.	4	PA-EX		
				Mellora a expresión escrita.	4	PA-EX		
				Avanza na aprendizaxe autónoma.	4	PA-EX		
e	B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos. Interxectividade. B3.13. Identificación e uso dos recursos expresivos que marcan a obxectividade e a subxectividade. B3.14. Observación, reflexión e explicación da deixé temporal, espacial e persoal.	B3.7. Explicar a forma de organización interna dos textos expositivos e argumentativos.	LCL2B3.7.1. Recoñece, explica e utiliza en textos propios e alleos as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos.	Recoñece e explica as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos.	3	PA-EX	I	CL AA
				Utiliza en textos propios as estruturas de textos expositivos e argumentativos.	3	PA-EX		
b d e	B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de di-	B3.8. Reflexionar sobre a relación entre os procesos de produción e recepción dun texto, recoñecendo a	LCL2B3.8.1. Expresa as súas experiencias de lectura de obras de diferente tipo, xénero, etc., e as súas experiencias persoais en rela-	Compara as experiencias de lectura de obras de diferente tipo, xénero, etc. coas experiencias doutras leituras para mellorar a comprensión e a interpretación.	4	PA-EX	B	CL
				Compara as experiencias de lectura de obras de diferente tipo, xénero, etc. coas experiencias, emocións ou vivencias propias para mellorar a comprensión e a	4	PA-EX		

	ferentes ámbitos. Inter-textualidade.	importancia que para a súa comprensión teñen os coñecementos previos que se posúen a partir de lecturas anteriores que se relacionan con el.	ción co novo texto, para chegar a unha mellor comprensión e interpretación deste.	interpretación.				
a e h	B3.15. Coñecemento e explicación do español actual. O español na rede. Situación do español no mundo. O español de América.	B3.9. Coñecer a situación do español no mundo, as súas orixes históricas e os seus trazos característicos, e valorar as súas variantes.	LCL2B3.9.1. Coñece a situación actual da lingua española no mundo diferenciando os usos específicos da lingua no ámbito dixital.	Explica a situación actual da lingua española no mundo.	4	PA-EX-00	B	CS
				Diferencia os usos específicos da lingua no ámbito dixital.	3	PA-EX-00		
			LCL2B3.9.2. Coñece as orixes históricas do español en América e as súas principais áreas xeográficas, recoñecendo nun texto oral ou escrito algúns dos trazos característicos e valorando as súas variantes.	Explica as orixes históricas do español en América.	4	PA-EX-00	CS	
				Identifica e valora a importancia das principais áreas xeográficas do español de América.	4	PA-EX-00		
	Recoñece nun texto oral ou escrito algúns trazos característicos do español de América.	4	PA-EX-00					
i l	B3.16. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilicen varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	LCL2B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Elabora carteis ou murais.	4	PA-00	B	CL A A
				Confeciona presentacións dixitais ou materiais multimedia.	4	PA-00		
				Comenta películas, libros ou obras teatrais.	4	PA-00		
				Evita comentarios discriminatorios ou estereotipos contra caisquer linguas e os seus falantes.	4	PA-00		
				Evita comentarios discriminatorios ou estereotipos de carácter machista, racista, xenófobo ou contra calquer outra condición (discapacitados, homosexuais...)	4	PA-00		
g h	B3.17. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa	B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de tex-	LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para me-	Usa estratexias para solucionar dúbidas da ortografía castellana por meio do galego.	4	PA-EX-00	B	AA
				Soluciona dúbidas ortográficas entre galego e castellano.	4	PA-EX-00		
				Traduce textos do galego para o castellano.	4	PA-EX-		

	integrada.	tos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	llorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.			IOA-OO		
				Soluciona dúbidas léxicas entre o galego e o castellano.	4	PA-EX-IOA-OO		
Bloque 4. Educación literaria								
d h i	B4.1. Estudo cronolóxico das obras máis representativas da literatura en español do século XX ata os nosos días.	B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores e obras máis significativos.	LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas.	Desenvolve por escrito con coherencia, corrección, rigor e claridade as características temáticas e formais dos principais movementos literarios do s. XX até hoxe, mencionando autores e obras máis representativas.	4	EX-OO	B	CC
				Proporciona unha visión persoal sobre algún dos principais movementos literarios do s. XX.	1	OO		
				Procura información sobre o contexto histórico e social desde o s. XX até hoxe.	3	PA-EX-OO		
				Identifica a intención do autor dun texto literario e relaciona-a co contexto histórico e social da época.	3	PA-EX-OO		
d h i c	B4.2. Análise de fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días.	B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatan-do a evolución histórica de temas e formas.	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence.	Le 4 obras literarias obrigatorias da literatura española desde o s. XX até a actualidade.	4	PA-EX	B	CC
				Le outras obras literarias voluntariamente.	1	PA-EX		
				Le fragmentos de obras literarias.	4	PA-EX-OO		
				Asiste a representacións teatrais ou a visionados de filmes baseados en obras literarias.	4	OO		
				Realiza análises e comentarios de textos e fragmentos de obras literarias.	4	PA-EX-OO		
				Relaciona o contido e as formas de expresión dun texto literario coa traxectoria e o estilo do autor, do xénero e do movemento ao que pertence.	4	PA-EX-OO		
				LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas.	Compara textos de diferentes épocas atendendo á temática, características, xéneros ou contextos das obras e dos autores.	3		
	Constata a evolución de determinados temas, formas, personaxes... a través das épocas.	3	PA-EX					

d h i m	B4.3. Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.	B4.3. Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativas da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	Distingue aspectos do contexto histórico, artístico e cultural en fragmentos ou obras completas do s. XX.	4	PA-OO	A	CS
				Interpreta criticamente eses aspectos.	3	OO		
				Ve películas baseadas en obras literarias.	4	OO		
				Asiste a representacións teatrais.	4	OO		
				Analiza-as en comparación coas obras.	3	OO		
				Observa pinturas, esculturas e edificios e escuita música das épocas literarias tratadas.	4	OO		
				Compara obras artísticas con fragmentos de obras literarias desas épocas.	4	PA-EX-OO		
				Contrasta estereotipos doutras épocas cos actuais.	4	PA-EX-OO		
g	B4.4. Planificación e elaboración de traballos educativos escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura do século XX ata os nosos días.	B4.4. Desenvolver por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e achegando unha visión persoal.	LCL2B4.4.1. Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade, coherencia e corrección, e achegando unha visión persoal.	Planifica traballos sobre temas, autores ou obras da historia da literatura do s. XX até hoxe.	1	PA-OO	A	CL
				Planifica traballos sobre as leituras.	1	PA-OO		
				Redacta traballos sobre temas, autores ou obras da historia da literatura do s. XX até hoxe.	1			
				Redacta traballos sobre as leituras que conteñan unha visión crítica sobre elas.	1	PA-OO		
g	B4.4. Planificación e elaboración de traballos educativos escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores da literatura do século XX ata os nosos días.	B4.5. Elaborar un traballo de carácter educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura consultando fontes diversas, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCL2B4.5.1. Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante para ampliar coñecementos sobre o tema.	Procura información adicional en fontes bibliográficas ou internéticas sobre un tema do currículo de literatura do século XX até os nosos días.	1	PA-OO	A	AA
				Amplía coñecementos sobre temas do currículo con información relevante.	1	PA		

5. Procedimentos e instrumentos de avaliación.

a) Procedimentos de avaliación. O profesorado usa-os para recoller os datos da observación continua do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e da súa evolución persoal a medida que se van alcanzando os obxectivos, as competencias-chave ou os padróns de aprendizaxe. Os máis utilizados son:

1. *Listas comprobativas*: compilan-se nelas observacións sobre a participación do alumnado no desenvolvemento da aula, a actitude positiva no traballo individual ou en grupo, a revisión e análise das tarefas e traballos realizados polo alumnado, os resultados das probas escritas ou orais...

2. *Rexistros anecdóticos*: recollen-se neles anotacións sobre datos dificilmente cuantificábeis nen previsíbeis, pero significativos, como a actitude positiva ou carencias.

3. *Fichas de avaliación, rubricas e portefolios*: para sistematizar a información por métodos de auto-avaliación ou co-avaliación, por niveis de consecución de tarefas ou por historiais do avance de actividades, respectivamente.

b) Instrumentos de avaliación. Os referidos nas matrices das alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2, 3.4.2 (para ESO) e 4.1.2, 4.2.2 (para Bacharelato) clasifícanse en exames (**EX**), producións do alumnado (**PA**), intervencións orais co alumnado (**IOA**) e outras observacións (**OO**) e usan-se para medir ou cuantificar, observar e pór en práctica os coñecementos adquiridos. Dentro de cada categoría o profesorado pode escoller varios instrumentos para confeccionar exames ou preparar probas orais ou escritas.

Máis pormenorizadamente se describen no seguinte cuadro:

Siglas	Instrumentos de avaliación	Descrición
EX	1. Probas obxectivas ou exames	
a) Preguntas de resposta extensa:	De <i>explicación ou resumo</i>	Expor contidos teóricos tratados na aula ou do manual.
	De <i>comparación</i> , de relacións <i>causa-consecuencia</i> , ou de <i>xustificación</i> da resposta.	Reflexionar sobre varios temas relacionados entre si. Fundamentar o porqué dos argumentos dados nunha resposta.
	De <i>composición e ensaio</i> .	Argumentar obxectiva ou subxectivamente sobre un tema determinado.
b) Preguntas de resposta breve:	<i>Resposta</i> a unha pregunta simple.	Achegar unha información específica, xeralmente breve.
	<i>Completación</i> de información.	Preencher espazos en branco, continuar oracións inacabadas...
	<i>Identificación</i> de elementos concretos	Sinalar palabras, sintagmas, afixos...
c) Preguntas de resposta fixa ou estruturada:	De <i>correspondencia ou emparellamento</i> de termos.	Relacionar ítems que gardan relación (p. ex. autores con obras, termos con definicións...) xeralmente expostos en dúas ou máis columnas.
	De <i>opción múltipla</i> .	Escoller unha resposta dentre varias alternativas (tipo 'test').
	De <i>resposta alternativa</i> .	Responder verdadeiro-falso, si/non... a unha serie de afirmacións.
	De <i>interpretación</i>	Explicar o contido dunha fotografía, debuxo, mapa, gráfico...

	Elaboración de <i>gráficos</i>	Trasladar datos (p.ex. número de falantes por países).	
	Elaboración de <i>esquemas</i>	Sintetizar xerarquicamente as ideas principais da estrutura dun texto.	
	Traballo sobre <i>mapas</i>	Completar mapas (p.ex. variedades lingüísticas en zonas xeográficas).	
	<i>Cuestionarios</i> : orais ou escritos	Responder preguntas específicas e concisas, xeralmente como punto de partida ou avaliación inicial, para comprobar coñecimentos previos.	
PA	2. Análises de producións do alumnado		
a) Caderno de aula do alumnado.	Apuntamentos	Notas ou esquemas dos contidos tratados ou do manual.	Cuadros sinópticos, mapas conceptuais ou mentais...
	Nivel de expresión	Expresión escrita, claridade e propia das expresións.	Composición de frases, capacidade léxica, etc.
	Forma	Ortografía, caligrafía, orden, claridade...	
	Inclusión de	Reflexións ou comentarios propios.	
		Información doutras fontes.	Internet, enciclopedias, monografías...
Realización de resumos, subliñados, etc.	No manual, no propio caderno...		
b) Traballos individuais ou colectivos.	De investigación:	Exposición escrita baseada en recolla de datos con visión obxectiva.	
	Monografías:	Exposición escrita de reflexión con visión crítica.	
	De análise de experiencia:	Mostra do seguimento dunha experiencia científica, social ou de outra índole, para evidenciar a súa evolución e reflexionar sobre ela.	
	De síntese:	Traballos de lectura, con guión preestabelecido ou explicación e resumo do contido do texto.	
c) Resumos:	Escritos que repitan de maneira sintética, breve e suficiente o contido dun tema ou dun texto evitando parafrasear.		
d) Resolución de exercicios e problemas:	Actividades do libro de texto ou propostas polo profesor, exercicios específicos de ortografía, análise morfolóxica ou sintáctica...		
e) Textos escritos:	Composicións, redaccións, ditados, desenvolvemento de esquemas...		
f) Producións orais:	Exposicións orais, respostas na aula a preguntas do profesor.		
g) Xogos de simulación e dramáticos:	Imitación de situacións da vida real para tratar aspectos da linguaxe oral, xestualización etc. ou representacións teatrais breves.		
IOA	3. Intercambios orais co alumnado IOA		
a) Diálogos:	Improvisados ou preparados, a fin de ilustrar ou exemplificar determinada situación ante o resto do grupo ou ben individualmente, a modo de exame oral. Observación da actitude e atención do alumnado. Preguntas sobre os contidos explicados para afianzar a comprensión.		
b) Entrevistas:	Comunicación verbal planificada utilizando guiños máis ou menos estruturados que fornezan datos útiles.		
c) Asembleas ou debates:	Discusión colectiva, preparada ou improvisada, sobre determinado tema seguindo unhas regras de participación.		
d) Exposicións en común:	Dúas ou máis persoas ou grupos expoñen os seus pensamentos, coñecimentos, opinións etc., con respecto dalgo en concreto co obxectivo de extrair as mellores ideas e reflectir sobre elas.		
OO	4. Outras observacións		
Leitura en voz alta	Para observar a destreza leitora ou as propias producións escritas.		
Leitura silenciosa	Como paso previo a outros instrumentos de avaliación ou para a interiorización de textos literarios.		
Observación da actividade do alumnado	En actividades didácticas dentro da aula (atención ás explicacións, exercicios...) e fóra dela (biblioteca, representacións, exposicións, conferencias...), incluídas as sesións telemáticas.		
	Reflexións persoais, iniciativa individual en actividades, actitude positiva coa materia; hábitos excepcionais de traballo ou de afeicións (leitura, cinema, informática, investigación...).		

5.1 . Medidas extraordinarias de procedimentos de avaliación da actividade lectiva non presencial

No caso de imposibilidade de acudir ás aulas por algunha das circunstancias que rodean a covid-19, xa for individualmente, xa for de maneira colectiva, o alumnado vai ter dereito a ser avaliado. Tanto o profesorado como o alumnado van ter ao seu dispor as ferramentas dixitais do IES Pazo da Mercé na rede, preferentemente a *Aula virtual* e o *Proxecto Abalar*, aínda que a xuízo do docente se poderán utilizar outras plataformas ou recursos, sempre e cando garantan dito dereito á avaliación en igualdade de condicións. Se algún estudante non dispuxer de conectividade ou de dispositivo de conexión telemática adecuado, o propio centro, en colaboración coas autoridades locais, facilitará a comunicación e o intercambio de materiais. Isto tamén será aplicábel ao alumnado coa materia pendente (v. cap. 10).

Nestas circunstancias, vai-se dar prioridade aos instrumentos de avaliación que se adecúen máis ao teletraballo, como as análises das producións do alumnado (PA), intercambios orais (IOA) ou outras observacións (OO) sobre as probas escritas (con respecto da valoración, v. alínea 8.5).

6 . Concrecións metodolóxicas que requer a materia.

En todos os niveis en que se dá a materia de Lingua Castellana e Literatura os conteúdos van-se organizar por unidades didácticas que conteñen leituras, conteúdos teóricos e prácticos dos distintos blocos establecidos no currículo e actividades.

O enfoque didáctico ha de ser, fundamentalmente, participativo e activo. Por tanto, a metodoloxía deberá caracterizar-se como:

- Favorecedora da aprendizaxe significativa: O alumnado de ensino secundario xa posuí certa bagaxe de coñecimentos adquiridos na escola ou no ambiente (familia, entorno social, medios...) que teñen de servir como punto de partida para os novos. As actividades dos inicios das unidades servirán para suscitar ou suxerir no alumnado eses coñecimentos, tamén mediante leituras de textos ou propostas de temas para traballar.
- Orientada á práctica: o alumnado debe de ter a oportunidade de aplicar os novos coñecimentos a situacións próximas da realidade, dando sentido así ao aprendido. As actividades deben de se referir a situacións vividas ou coñecidas que podan servir para se desenvolver en contextos útiles (administración pública -presentación de escritos formais-, medios de comunicación -noticias e actualidade-, formación -ferramentas para proseguir en cursos superiores ou noutros ámbitos, como aprender a conducir, cursos de emprego ou en empresas, etc...).
- Activa: Dirixida a “aprender a aprender”, proporcionando bases para posteriores aprendizaxes, xa no mesmo centro, xa durante a vida cotidiana, académica ou profesional. Non só bases de conteúdos acumulábeis, tamén ferramentas de estudo e de organización (aprender a esquematizar, resumir, redactar...).
- Interdisciplinar: Os coñecimentos e habilidades adquiridos deberán poder-se relacionar con outras materias e inclinacións do alumnado. A Lingua Castellana e Literatura é fundamental

e básica para a adquisición ou consolidación de coñecimentos doutros ámbitos e para o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

- Diversificada: Debe de se adaptar aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos. Non se pode aplicar o mesmo método ao alumnado de 1 ESO como ao de 2 de Bacharelato, e nun mesmo grupo hai alumnos con mais dificultades que outros. A medida que avanzaren os cursos, o nivel de dificultade vai ir en aumento, consoante a evolución cognitiva do alumnado.

Non hai un método definitivo, por tanto, o máis adecuado será o que se adaptar mellor a cada situación, profesor ou alumno. Poden ser tan úteis o traballo por proxectos como a aula maxistral, o traballo cooperativo como o individual, o uso de computadores como o de papel e lapis, a elaboración de traballos escritos como a de presentacións dixitais.

Canto ao ensino da lingua, vai-se dar prioridade á comprensión e produción de discursos e de textos (escuita activa, intervencións orais, lectura, escrita, ortografía, léxico, cohesión, coherencia, adecuación, recoñecimento de modalidades e tipos de textos...) a fin de familiarizar o alumnado con ferramentas útiles para o futuro e para o presente noutras materias.

O ensino da literatura vai dirixido a crear unha bagaxe cultural básica e ao fomento da lectura e, con iso, propiciar experiencias gratificantes. Por tal razón vai-se buscar entre os autores clásicos as obras máis próximas dos gustos, inclinacións e intereses do alumnado, coa intención de que a lectura delas sexa unha experiencia grata e útil.

6.1 . Actuacións metodolóxicas extraordinarias para a actividade lectiva non presencial.

Nas circunstancias que atinxen á pandemia da covid-19, algúns destes aspectos, sobre todo os que atinxen ao traballo coparticipativo, teñen que se limitar. Actividades como a confección de murais, coa conseguinte partilla de materiais (tesouras, rotuladores, cola...) ou traballos grupais na sala de aula ou en casa non serán viábeis e vai-se dar preferencia ao traballo individual, por exemplo, tarefas no computador ou actividades na rede. Así mesmo, vai-se favorecer o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, tales como o uso de programas de tratamento de textos, correo electrónico, ferramentas dixitais etc.

No caso de que se tiver que suspender a actividade lectiva presencial, o profesorado vai haber de ensinar contidos, pór tarefas, facer o seguimento do alumnado e avaliar á distancia, ben de maneira individualizada, ben colectiva, dependendo do nivel de risco ou do grao de alerta sanitaria. Para isto, tanto o alumnado como o profesorado van dispor da plataforma *Aula Virtual* (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce/aulavirtual/>) e do portal do *Proxecto Abalar* (<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/>) para manter o contacto e acceder a recursos e ferramentas educativas en liña, como videoconferencias, repositorios de conteúdos, comunicación coas familias... sen prexuízo doutros servizos ou instrumentos que o profesorado considerar máis adecuados.

Se se der a circunstancia de que algún alumnado carece de dispositivos para traballar ou comunicar-se ou mesmo que non dispón de conectividade, será preciso tomar algunhas medidas

excepcionais. O profesorado fornecerá de actividades concretas que permitan o alumnado confinado seguir o desenvolvemento da materia, xa sexa por vía telefónica (por exemplo, co uso do manual para contéudos teóricos e exercicios) ou por medio dos servizos de atención municipal.

7 . Materiais e recursos didácticos.

a) **Recursos materiais impresos:** manuais e libros de consulta, libros de lectura obrigatoria (v. alínea 8.1.2), dicionarios, mapas, publicacións de prensa, materiais para actividades, cadernos de ortografía, de gramática ou de comprensión leitora, material de reprografía (fotocopias).

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
Manual	<i>Lengua castellana y literatura 1 ESO.</i> ed. Casals	<i>Lengua castellana y literatura 2 ESO.</i> ed. Casals	<i>Lengua castellana y literatura 3 ESO.</i> ed. Casals	<i>Lengua castellana y literatura 4 ESO.</i> ed. Casals
Libros de lectura:	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Cuento de Navidad.</i> Charles Dickens. Vicens Vives (Cucaña). • <i>El jardín secreto.</i> Frances Hodgson Burnett. Vicens Vives (Cucaña). • <i>El fabuloso mundo de las letras.</i> Jordi Sierra i Fabra. SM. • <i>El misterio del colegio embrujado.</i> Ulises Cabal. Edelvives • <i>La vuelta al mundo en 80 días.</i> Julio Verne. Anaya (Clásicos a medida). • <i>Odisea.</i> Homero. Anaya (Clásicos a medida) • <i>Heka, un viaje mágico a Egipto.</i> Núria Pradas. Casals (Bambú). 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Fernando el Temerario.</i> José Luis Velasco. Casals (Bambú). • <i>El año de la venganza.</i> Antonia Meroño. Edelvives. • <i>Odisea.</i> Homero. Anaya (Clásicos a medida). • <i>El misterio de la calle de las Glicinas.</i> Núria Pradas. Casals (Bambú). • <i>Donde surgen las sombras.</i> David Lozano Garbala. SM • <i>Tom Sawyer.</i> Mark Twain. Anaya (Clásicos a medida). • <i>Vigo es Vivaldi.</i> José Ramón Ayllón. Bruño • <i>Las aventuras de Mowgli.</i> R. Kipling. Vicens Vives (Cucaña). • <i>Miguel Strogoff.</i> Julio Verne. Vicens Vives (Cucaña). • <i>Jasón y los argonautas.</i> J. Riordan. Vicens Vives. (Clásicos adaptados). 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>El año de la venganza.</i> Antonia Meroño. Edelvives (Alandar). • <i>La leyenda del Cid.</i> Vicens Vives (Cucaña). • <i>Don Quijote.</i> Miguel de Cervantes. Vicens Vives (Cucaña). 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Rimas.</i> Gustavo Adolfo Bécquer • <i>Marianela.</i> Benito Pérez Galdós • <i>La casa de Bernarda Alba.</i> Federico García Lorca Todas nun volume: <i>Liber. Lecturas 4º ESO.</i> Ed. Micomicona
		1º Bacharelato	2º Bacharelato	
Manual		<i>Lengua castellana y literatura 1 Bachillerato.</i> Casals.	<i>Lengua castellana y literatura 2 Bachillerato.</i> Casals.	
Libros de lectura:		<ul style="list-style-type: none"> • <i>La Celestina.</i> Fernando de Rojas. • <i>El alcalde de Zalamea.</i> Calderón de la Barca. • <i>Cuentos del s. XIX.</i> Varios autores Todas nun volume: <i>Scriptorium. Lecturas 1º Bachillerato.</i> Ed. Micomicona 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Romancero Gitano.</i> F. García Lorca. • <i>El lector de Julio Verne.</i> A. Grandes. Tusquets. • <i>La fundación.</i> A. Buero Vallejo. • <i>Crónica de una muerte anunciada.</i> G. García Márquez. 	

b) **Recursos materiais non impresos:** materiais individuais de traballo habitual (caderno de traballo do alumnado, folios, bolígrafos, lapis, marcadores, rotuladores de encerado branco, xiz...). Os materiais para a confección de murais de tipo colectivo (cartolina, papel de cores, recortes de publicacións, lapis de cores, rotuladores, tesouras, cola...) non se recomentan para este ano escolar.

c) **Recursos materiais audiovisuais fixos:** encerado branco ou tradicional, encerado dixital interactivo con reprodutor de imaxens.

d) **Material informático:** Suportes físicos (computadores [portáteis, ultraportáteis da rede Abalar...] e dispositivos tácteis [tablets, teléfonos móbeis... tendo en conta o establecido na

alínea 8.1.1.1], cañóns de proxección, pantallas, impresoras, dixitalizadores, discos de almacenamento óptico [CD, DVD, HD-DVD, Blu-Ray...], memorias USB, unidades de disco externas...) e suportes lóxicos (sistemas informáticos, programas e aplicativos instalados, contas de correo electrónico, espazos gratuitos de almacenamento na rede, a Aula Virtual, o espazo Abalar, programas adquiridos ou fornecidos polas editoriais [en liña ou en disco], rede de internet por conexión sen fíos [*wi-fi*] ou por cabo...).

e) **Espazos**: salas de aula do alumnado (explicacións, traballo sobre o texto, actividades orais ou escritas, medios de comunicación, uso das TIC, exposicións orais, observación de procesos con encerado dixital, proxeccións, etc.), o propio domicilio (exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo; consultas de internet, pesquisa de información para proxectos monográficos, preparación de materiais dixitais...). O uso de espazos compartidos, como a biblioteca, a sala de usos múltiples, a sala de estudo, aulas de informática ou demais espazos externos (para representacións, coloquios, conferencias, visionamento de filmes e presentacións multimedia...), así como a asistencia a teatro ou cinema, conferencias, exposicións... van-se ver limitados polas medidas de restrición impostas polo contexto da covid-19.

8 . Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

A avaliación da materia é continua, formativa e integradora. Continua porque debe informar sobre o ritmo da evolución, progresos e dificultades do alumnado; formativa para favorecer progresivamente a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe; integradora para o alumnado atinxir os obxectivos das etapas e o desenvolvemento das competencias tendo en conta todas as materias.

Para avaliar van-se seguir os criterios de avaliación de Lingua Castellana e Literatura que fican recollidos nos apartados correspondentes das matrices expostas nas alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2 e 3.4.2 respectivamente para os catro niveis de ESO e nas alíneas 4.1.2 e 4.2.2 para ambos os niveis do Bacharelato. Para verificar o conseguimento dos padróns de aprendizaxe concretizados nas tarefas asociadas a eses criterios van-se usar os instrumentos e procedimentos de avaliación que constan no capítulo 5. O atinximento dos padróns vai-se ver representado numericamente.

8.1 . Criterios de cualificación

A nota de cada avaliación trimestral vai-se obter pola media ponderada entre os resultados dos seguintes parámetros valorados através dos instrumentos de avaliación (exames de conteúdos, comprobacións das leituras obrigatorias, traballos e seguimento da actividade na aula) atendendo ás seguintes porcentaxes:

Para ESO: e 1 Bacharelato	Exames (media aritmética das probas)	70%
	Comprobacións de lectura obrigatoria (media aritmética das probas)	10%
	Traballos (media aritmética dos traballos)	10%
	Seguimento da actividade diaria	10%

Para 2 Bacharelato:	Exames (media aritmética das probas)	80%
	Traballos e seguimento da actividade diaria	20%

Para o caso en que houber que recorrer á actividade non presencial, establecemos unhas medidas extraordinarias que se expoñen na alínea 8.5 deste mesmo capítulo.

A cualificación das avaliacións vai-se facer en números naturais até un máximo de 10. No caso de que o resultado da media da avaliación for un número decimal, será preciso aplicar-lle un **arredondamento**. Se os algarismos significativos das casas decimais (coeficiente ou mantisa) dunha cifra foren inferiores a 50, a cifra enteira non se modificará (p.ex. 5,49= 5), se foren superiores ou iguais a 50, poderá sumar-se un punto ao número enteiro (5,50= 6).

8.1.1 . Exames

Van-se realizar dous ou máis exames en cada avaliación trimestral. Poderán ser orais ou escritos e farán referencia aos **conteúdos** teóricos ou prácticos tratados nas aulas ou nas actividades escolares ou complementarias (v. capítulo 14) relevantes feitas durante o período. Poden-se incluír aprendizaxes anteriores, cuxo fin é dar continuidade á materia ou afianzá-la.

Para o seu deseño é recomendábel guiar-se polas valoracións dos padróns de aprendizaxe reunidas nas matrices expostas nas alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2, 3.4.2 (para ESO) e 4.1.2, 4.2.2 (para Bacharelato) e pola tabela dos instrumentos de avaliación no capítulo 6 desta programación.

8.1.1.1 Cualificación: A cualificación trimestral dos exames (v. alínea 9.1) vai-se obter pola media aritmética de todas as probas realizadas durante o período. Para poder facer media e obter aprobado será imprescindible atinxir polo menos unha cualificación mínima de 3 puntos sobre 10 nas probas en ESO e de 4 puntos no Bacharelato.

En cada proba van-se poder incluír aprendizaxes anteriores. Cada pregunta da proba incluírá o seu valor relativo na corrección. Vai-se ter en conta a corrección ortográfica segundo o establecido na alínea 8.2.

En caso de ausencia no día do exame, o alumno deberá xustificar debidamente os motivos dela e, se iso non for posíbel, o profesor non repetirá a proba e a nota será 0.

Por outra banda, calquer **irregularidade** fraudulenta detectada durante a realización dos exames ao alumnado comportará a anulación destes e a nota será 0. Consideran-se irregularidades consultar anotacións disimuladas (“chuletas”), intercambiar ou copiar o exame doutro alumnado, consultar apuntamentos ou o manual, usar axudas electrónicas (teléfonos móbeis, auriculares, reloxis intelixentes etc.), intercambiar información oralmente ou por escrito entre o alumnado, así como calquer outra axuda, maña, astucia ou ardil non permitidos. Así mesmo, se o profesor, xa durante a corrección ou baixo algunha outra circunstancia, der en sospeitar que algún membro do alumnado fixo algunha irregularidade, pode-lle requerer que repita o exame, parte del se for necesario ou recuperar a avaliación como na alínea **8.1.1.2** se describe, de non ser que se comprobe dalgunha maneira que non houbo fraude.

A respeito do uso de teléfonos móbeis no centro, pode-se consultar a normativa aprobada polo Claustro do profesorado na sesión de 27 de Xullo de 2019, con base no *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*:

(<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce/node/842>).

8.1.1.2 Recuperación: Aínda que a avaliación é continua, o profesor poderá realizar extraordinariamente probas de recuperación se o considerar preciso. Se así for, terán lugar no inicio do trimestre seguinte e, se a cualificación for superior, o seu valor porcentual substituirá o da proba ou probas non superadas a efectos da media da nota final ordinaria.

Se o alumnado non aprobar eses exames ou non asistir á súa celebración, vai-nos poder recuperar no final do terceiro trimestre nun exame global que, se for superior a 5, permitirá aprobar o parámetro correspondente aos exames (v. alínea 8.1).

8.1.2 . Leituras obrigatorias

Cada trimestre vai-se realizar unha comprobación de cada unha das leituras obrigatorias propostas (v. alínea 7.a) que serán comúns a todo o alumnado do mesmo curso, sempre que a homoxeneidade de nivel entre os grupos o permitir. A lectura dos libros será obrigatoria para todo o alumnado.

O profesor verificará mediante exame, entrevista oral, traballo específico (v. alínea 8.1.3) ou outro instrumento ou actividade adecuada (v. alínea 5b) que o alumnado deu lido os libros en cuestión. Na corrección das comprobacións de carácter escrito vai-se ter en conta a corrección ortográfica segundo o establecido na alínea 8.2.

No caso do alumnado de 2 de Bacharelato as leituras obrigatorias van-se incluír nos exames con preguntas concretas, aínda que se poderán propor traballos específicos ou exposicións que se valorarán segundo o parámetro de «Traballos e actividade diaria» (v. alínea 8.1).

Para o deseño das comprobacións de leituras obrigatorias é recomendábel guiar-se polas valoracións dos padróns de aprendizaxe reunidas nas matrices expostas nas alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2, 3.4.2 (para ESO) e 4.1.2, 4.2.2 (para Bacharelato) e polos instrumentos de avaliación na tabela do capítulo 6 desta programación.

8.1.2.1 Cualificación: A cualificación trimestral do parámetro das leituras obrigatorias (v. alínea 8.1) vai-se obter pola media aritmética de todas as comprobacións realizadas.

O alumnado pode ler voluntariamente outras obras, sempre que se adecuaren ao nivel exixido e van-se ter en conta para poder subir nota.

8.1.2.2 Recuperación: O profesor poderá verificar as leituras pendentes, se o considerar conveniente. Se o alumnado non as aprobar, vai poder recuperá-las no final do terceiro trimestre mediante os instrumentos de avaliación que o docente considerar mais adecuados.

8.1.3 . Traballos

Os traballos monográficos e de investigación, xa foren individuais ou en grupo, farán parte da metodoloxía da materia. A súa importancia serve para desenvolver a capacidade de investigación, de produción e organización, de análise e síntese e mais de fomento de novos coñecimentos. Para os avaliar é recomendábel guiar-se polas valoracións dos padróns de aprendizaxe reunidas nas matrices expostas nas alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2, 3.4.2 (para ESO) e 4.1.2, 4.2.2 (para Bacharelato) e polos instrumentos de avaliación na tabela do capítulo 5 desta programación.

8.1.3.1 Cualificación: A entrega dos traballos será obrigatoria e a nota trimestral vai-se obter pola media aritmética de todos os traballos propostos. Non se poderá entregar ningún traballo ou tarefa encomendada fóra do prazo establecido. Estarán correctamente redactados, cunha adecuada presentación (marxens, limpeza, orden e claridade) e respectando as normas de ortografía e puntuación, tendo en conta o establecido na alínea 8.2. Será imprescindible que o alumnado, na confección dos traballos impresos ou dixitais, evite copiar literalmente, «cortar e colar» ou presentar producións alleas como propias e non se van admitir plaxios ou substitucións de ningún tipo, pois que nese caso a nota será 0.

8.1.3.2 Recuperación: Se o traballo a entregar se copiou ou a súa cualidade non for a requerida, vai-se ter que elaborar de novo, podendo-se establecer un prazo de entrega específico, se se considerar conveniente ou posíbel; se así non puder ser, ficarán pendentes para presentar no final do terceiro trimestre baixo as mesmas condicións descritas no parágrafo anterior.

8.1.4 . Observación e seguimento da actividade do alumnado

Tamén se avaliarán as actividades diarias do alumnado (exercicios do manual, tarefas encomendadas, ditados, redaccións, apuntamentos, esquemas ou caisquer outras) nos prazos que se estableceren, o traballo na aula e en casa (deberes) e a participación e interese nas explicacións ou nas actividades escolares ou complementarias propostas.

8.1.4.1 Cualificación: Para cualificar estes aspectos é recomendábel guiar-se polas valoracións dos padróns de aprendizaxe reunidas nas matrices expostas nas alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2, 3.4.2 (para ESO), 4.1.2, 4.2.2 (para Bacharelato) e polos instrumentos de avaliación (por exemplo, a revisión de actividades do caderno de aula do alumnado) na tabela do capítulo 5 desta programación.

8.1.4.2 Recuperación: O docente establecerá aquelas actividades pendentes que o alumnado teña que facer, completar ou terminar, nos prazos que considerar convenientes. No caso concreto de non asistir ás actividades complementarias propostas (v. cap. 14), o docente determinará algún instrumento de avaliación adecuado que se valorará neste parámetro.

8.2 . Ortografía

Debido á natureza da materia de Lingua castellana, é esencial valorar a práctica da ortografía, por tanto, sempre até un máximo de 2 puntos sobre a cualificación das probas de exame, de traballos

específicos e da actividade do alumnado, van-se descontar os erros ortográficos das producións escritas seguindo o seguinte criterio:

	Ortografía	Acentuación
1 e 2 ESO	-0,1	-0,05
3 e 4 ESO	-0,2	-0,1
1 e 2 de Bacharelato	-0,3	-0,3

O obxectivo desta medida é para o alumnado reflexionar sobre as propias capacidades e, en consecuencia, poder mellorar progresivamente no uso das regras ortográficas.

8.2.1 Recuperación: O alumnado deberá recuperar a puntuación descontada mediante mecanismos adecuados, como a repetición da tarefa ou traballo convenientemente corrixidos ou ben con exercicios específicos que posibiliten a autocorrección en posteriores probas ou producións.

Se, a pesar destas medidas, o alumnado non mostrar mellora, vai-se considerar que non alcanzou o grao mínimo dos padróns de aprendizaxe básicos requeridos para cada nivel nen chegou ao grao mínimo correspondente coa ortografía e coa revisión e autocorrección das propias producións escritas (especificados nos blocos 2 e 3 respectivos de contéúdos, criterios de avaliación e padróns de aprendizaxe, v. alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2 [LCLB3.1.2.] para 1, 2 e 3 ESO, alínea 3.4.2 [LCLB3.7.1] para 4 ESO, e alíneas 4.1.2 [LCL1B2.1.1 e LCL1B3.1.1], 4.2.2 [LCL2B2.1.4, LCL2B2.2.1 e LCL2B3.11.1] para Bacharelato). Por tanto, a nota correspondente non se recuperará, vai-se manter o desconto e o alumnado deberá recuperar segundo o disposto nas alíneas 8.1.1.2, 8.1.2.2, 8.1.3.2 e 8.1.4.2, ou, se for o caso, nas 8.3 e 8.4.

8.3 . A avaliación final

Para a superación da materia, a nota da avaliación final ordinaria terá de ser igual ou superior a 5, que se obterá pola media aritmética das tres avaliacións trimestrais (v. alínea 8.1). Para proceder ao cálculo da media non se exixirá un 5 en cada unha das avaliacións.

O alumnado que obtiver unha nota inferior ao 5, logo de se aplicar a media e o arredondamento (v. alínea 8.1), poderá superar a avaliación ou as avaliacións reprobadas nun exame de recuperación global (v. alínea 8.1.1.2) no final do último trimestre e, se for o caso, coa entrega das comprobacións das leituras obrigatorias, dos traballos ou coa presentación das actividades pendentes de recuperar (v. alíneas 8.1.2.2, 8.1.3.2, 8.1.4.2 e 8.2.1).

8.4 . Avaliación extraordinaria

O alumnado que non tiver superado a materia na avaliación final ordinaria de xuño realizará unha proba extraordinaria, xa finalizadas as aulas, que terá unha cualificación máxima de 10 puntos. É indispensábel para aprobar a materia que no exame se alcance un mínimo de 5 puntos.

Como preparación para o exame extraordinario, o alumnado de ESO disporá dun caderno de actividades proporcionado polo profesor correspondente que deberá cumprimentar e entregar no propio día da proba. A entrega do caderno de actividades debidamente cumprimentado poderá ter-se en conta.

8.5 . Medidas extraordinarias de avaliación e cualificación para a actividade lectiva non presencial

Na eventualidade dun confinamento do alumnado por causa da covid-19, xa for parcial (casos concretos de alumnado non hospitalizado), xa for total (dun grupo-clase enteiro ou xeneralizado por estado de alarma), van-se activar medidas de carácter excepcional canto á implementación dos instrumentos, procedimentos (v. alínea 5.1) e criterios de avaliación e cualificación.

Se un alumno concreto tiver que permanecer no seu domicilio durante a realización dos exames presenciais e non dispuxer de conectividade ou de dispositivo adecuado, sempre os vai poder realizar posteriormente, xa presentando-se a un exame noutra data (se estiver aínda en prazo), xa na recuperación (v. alínea 8.1.1.2), xa no final do ano escolar (alínea 8.3), aplicando-se-lle as porcentaxes expostas na alínea 8.1.

Ora, se as circunstancias impediren realizar exames escritos presenciais, e todo o alumnado dispón de conectividade e dispositivo adecuado, vai-se proceder a facer esas probas en liña, mediante as ferramentas dispoñíbeis na *Aula Virtual* ou noutros ambientes virtuais, ou mediante probas orais á distancia. Non obstante, dado que non se pode garantir nin a propia realización dos exames á distancia nin que a elaboración das respostas deles estexan exentas de irregularidades (v. alínea 8.1.1.1), vai-se aplicar unha redistribución das porcentaxes aplicadas aos exames, aos traballos e ao seguimento da actividade para recadar a maior e máis fiable cantidade de datos da evolución do alumnado. Deste modo, os criterios de cualificación (alínea 8.1) poden-se modificar da seguinte maneira, só para o caso de confinamento xeneralizado:

Para ESO e 1 Bacharelato	Exames (media aritmética das probas)	20%
	Comprobacións de lectura obrigatoria (media aritmética)	10%
	Traballos (media aritmética dos traballos)	20%
	Seguimento da actividade diaria	50%
Para 2 Bacharelato	Exames (media aritmética das probas)	40%
	Traballos e seguimento da actividade diaria	60%

Cando se restabelecer a normalidade, estas medidas deixarán de ter vigor, pero manterán o seu valor parcial a efectos de media aritmética cos resultados regulares obtidos.

Se se deren as aulas de modo semipresencial (con turnos alternos nun mesmo grupo) van-se manter as porcentaxes expostas na alínea 8.1.

9 . Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.

Estabeleceu-se un cuestionario no que se inclúen uns indicadores de cumprimento para a valoración e mellora do desempeño docente que se mostra no anexo III desta programación.

10 .Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente.

O alumnado de ESO e o de Bacharelato que non der aprobado a materia de Lingua Castellana e Literatura na avaliación extraordinaria, deberá recuperar durante o ano lectivo seguinte, de conformidade co establecido nos Criterios de Promoción e Titulación

(http://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce/system/files/titulacion_promocion_0.pdf) do IES Pazo da Mercé e co ordenado nos Artigos 23, apartado 3 (para ESO) e 35, apartado 1 (para Bacharelato) do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html) e nas *INSTRUCIÓNS do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato*. (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/31636> ou https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instrucons_do_30_de_xullo_2020.pdf)

Con este fin, cada trimestre o departamento proporcionará unhas actividades que o alumnado coa materia pendente terá de cumprimentar e entregar na data convinda polo profesorado.

O grao mínimo de consecución será o mesmo que para o alumnado dos cursos que se deberen recuperar e que xa está recollido nos correspondentes apartados desta programación (alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.2.3 e 4.1.2).

Se o profesorado o considerar conveniente, en cada unha das tres avaliacións poderá realizar-se unha proba escrita, cuxos conteúdos coincidirán coas actividades que lles foren proporcionadas. En tal caso, vai-se facer unha media aritmética entre as actividades encomendadas e o exame (50% da puntuación total ás actividades previas de recuperación e 50% ao exame escrito).

A nota final da materia pendente será a media aritmética das tres avaliacións trimestrais.

11 .Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas a adoptar como consecuencia dos seus resultados.

a) Avaliación inicial

No apartado segundo, punto 2, das *INSTRUCIÓNS do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato* indica-se que as probas da avaliación inicial se teñen que realizar durante a primeira semana do ano lectivo. Van-se ter en conta os informes de avaliación individualizados do curso 2019/20 e teñen que servir para detectar carencias produto da interrupción das aulas e para analizar a situación emocional xeral. O seu carácter será apenas informativo e non se terá en conta para as cualificacións das avaliacións ordinarias ou extraordinaria. Esta avaliación, deseñada segundo o xuízo do profesor, consistirá:

- 1) na observación do nivel e das capacidades do alumnado en actividades na aula,
- 2) nunha proba específica (ou as que se consideraren convenientes).

En ambos os casos van-se observar no alumnado polo menos os seguintes aspectos:

- *comprensión leitora* (conteúdo de textos, tema, estrutura, resumo...),
- *expresión escrita* (coherencia, cohesión, puntuación, ortografía),
- *gramática* (clasificación morfolóxica de palabras e análise sintáctica),
- *literatura* (xéneros, cuestionario de conteúdos, comentario de texto...).

O referente da proba van ser os graus mínimos estabelecidos nos cursos anteriores. Así e todo, tamén é recomendábel e desexábel que no inicio de cada unidade didáctica se valoren os coñecimentos previos do alumnado sobre os conteúdos a tratar.

Neste ano escolar, a causa das circunstancias que impediron de completar as aprendizaxes no ano escolar 2019-20, os graus mínimos para as probas iniciais corresponderán aos atinxidos até o momento da suspensión das aulas.

No caso de 1º de ESO, á falta duns graus mínimos, elaboramos os seguintes criterios orientadores que tanto se poderán implementar na proba específica como desenvolver-se entre as primeiras actividades do curso a fin de colixir a información necesaria, a xeito de punto de partida e para avaliar o alumnado recién-chegado. Inclúen-se como referencia de concreción dos padróns de aprendizaxe os indicados no *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (v. alínea 3.1.2 desta programación).

Criterios orientadores para a elaboración da proba inicial de LCL de 1 ESO	
Blocos de conteúdo	Padróns de aprendizaxe
1. Comunicación oral: escuitar e falar	
-Exposición oral (resumo oral dun discurso ou dun texto, comprensión, produción dun texto oral).	LCLB1.4.1. LCLB1.5.1
-Respeito do turno de palabra.	LCLB1.2.1 LCLB1.3.3
2. Comunicación escrita: ler e escribir	
-Leitura en voz alta dun texto escrito. Leitura expresiva. Entoación.	LCLB2.1.1
-Comprensión do tema e as ideas principais dun texto.	LCLB2.1.4
-Ditado dun texto.	LCLB2.4.1-4.2
-Redacción dun texto escrito cun tema preestabelecido.	LCLB2.4.1-4.2
-Exposición escrita dun tema (resumo escrito dun texto escrito, resumo escrito dun texto oral, produción dun texto escrito).	LCLB2.1.1 LCLB2.4.1-4.2
3. Coñecemento da lingua.	
a. Ortografía: -Ordenación alfabética de palabras. -Acentuación. Separación de sílabas. Ditongos e hiatos. -Grafías. Maiúsculas e minúsculas. Grupos cultos. -Signos de puntuación, interrogación e exclamación.	LCLB3.1.1-1.2 LCLB3.7.1
b. Morfoloxía: -Recoñecemento de 3 das 8 clases de palabras (nome, adxectivo e verbo). -Conxugación verbal: tempo (presente e pretérito e futuro) e modo indicativo.	LCLB3.1.1 LCLB3.1.3
c. Sintaxe: -Análise da oración simple; recoñecemento de oracións xustapostas e coordinadas. -Recoñecemento do suxeito e do predicado; indicación dos núcleos dos grupos sintácticos e dos elementos que acompañan o núcleo do SN/Fnom (Det, Mod). -Suxeito (explícito e implícito) e predicado (só verbal).	LCLB3.1.1 LCLB3.1.3
d. Léxico. Significado de palabras.	LCLB3.7.1

e. Discurso: Distinción dalgunhas clases de oracións segundo a intención do falante ou enunciados oracionais (enunciativos, interrogativos, exclamativos, imperativos).	LCLB3.4.1 LCLB3.7.1
4. Educación literaria.	
a. Leitura e comprensión dun texto literario.	LCLB4.1.1 LCLB4.3.1
b. Redacción de textos narrativos sinxelos.	LCLB4.3.2
c. Recoñecemento dos xéneros literarios pola tipografía: Narrativa. Contos. Lírica e teatro.	LCLB4.3.1

b) Medidas a adoptar como consecuencia dos resultados da avaliación inicial

Se se observar que os resultados non chegan aos niveis esperados, será preciso adoptar providencias en función dos casos. Desta arte, van-se aplicar aquelas medidas individuais ou colectivas de repase ou de reforzo no inicio do curso, das unidades didácticas ou dos conteúdos concretos que se foren tratar, máis adecuadas ás necesidades específicas do alumnado implicado. Para tal efecto e como medidas de mellora, van-se deseñar actividades de apoio ou de recuperación. Se chegar o caso, deberían de se aplicar as medidas de atención á diversidade explicadas no capítulo 12 desta programación. No caso de alumnado con máis motivación e capacidade de aprender van-se elaborar actividades de ampliación, de non ser que for preciso tomar medidas extraordinarias de atención á diversidade.

12 .Medidas de atención á diversidade.

No caso de alumnado que presentar necesidades específicas de aprendizaxe, por procedencia doutros países, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por calquer outro motivo, inclusive altas capacidades intelectuais, será preciso adoptar as medidas individuais ou colectivas máis adecuadas, ben de apoio, ben de reforzo para a integración, adaptacións curriculares, agrupamentos específicos ou o desenvolvemento do Programa para a Mellora da Aprendizaxe e do Rendimento. Para tal efecto, han-se de seguir as directrices do artigo 17 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, da *Orde de 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG nº 213 do 7 de novembro de 1995)* e do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*.

Estas medidas van-se realizar en colaboración cos tutores correspondentes e co departamento de Orientación.

12.1 Adaptacións curriculares

Cando se detectaren entre o alumnado determinadas dificultades que interfiran no alcance do grao mínimo de consecución para superar a materia de maneira global ou, de ser o caso, altas capacidades, será preciso solicitar, tras informar o tutor correspondente, que o departamento de Orientación faga unha valoración antes de adaptar o currículo. En tal caso, as modificacións

afectarán apenas á metodoloxía, ao tipo de actividades e aos instrumentos e procedimentos de avaliación. Tamén poderán modificar-se os conteúdos.

Coa colaboración e asesoramento do departamento de Orientación van-se elaborar os documentos de ACI (Adaptación Curricular Individualizada) con base no exposto nesta programación (v. Cap. 3). Do mesmo modo, na medida das posibilidades, o departamento de Lingua Castellana e Literatura poderá fornecer de material didáctico adaptado.

12.2 Agrupamentos específicos e Programa para a Mellora da Aprendizaxe e Rendimento

Neste ano lectivo non se contempla a constitución de agrupamentos específicos nen se adxudicou a este departamento o Ámbito Lingüístico e Social do PMAR ou da FPBásica.

12.3 Medidas de apoio e reforzo

Cando se autorizaren estas medidas de atención á diversidade o profesorado de referencia colaborará co profesorado especializado en pedagogía terapéutica.

13 .Concreción dos elementos transversais que se traballarán.

Durante todo o ensino de Lingua castellana e Literatura na ESO e no Bacharelato van-se incorporar os seguintes elementos transversais:

Comprensión leitora, a expresión oral e escrita: Consoante a natureza da materia e como xa se especificou ao longo de toda esta programación.

Comunicación audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación: Usar e aproveitar os avances tecnolóxicos da información e da comunicación como parte da práctica educativa e para a aprendizaxe, a través da elaboración de materiais, traballos, etc.

Educación cívica e constitucional:

-Respeitar a diversidade lingüística de España, e en especial a da Galiza, como dereito constitucional e fomentar comportamentos cívicos.

-Realizar tarefas en grupo para establecer e mellorar a relación duns alumnos cos outros.

-A fin de aceptar as opinións alleas e defender as propias, fomentar o uso dun vocabulario e dunhas formas de expresión non discriminatorios nas producións orais e escritas do alumnado.

-Para dialogar, debater ou expor temas, xuízos e opinións, respeitar as regras propias do intercambio comunicativo e non ferir a sensibilidade do receptor.

Prevención de calquer forma de violencia (de xénero, de discapacidade, asedio escolar ou laboral, terrorismo, racismo ou xenofobia, incluído o tratamento do Holocausto xudeu):

-Mostrar como exemplo a actitude de aprecio, respecto e cordialidade na relación de convivencia cos demais, non sómente no trato do profesorado co alumnado, senón tamén nos conteúdos das leituras e doutros materiais didácticos.

-Fomentar o uso da lingua con coherencia, corrección e adecuación para establecer e mellorar a relación cos demais, para expresar sentimentos e para participar nas actividades colectivas de forma solidaria e respeitosa.

-Promover a non violencia, veña donde viñer, a paz e a defensa dos dereitos humanos como bases da convivencia e do respecto aos demais, sexa cal for a súa condición.

Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial: Favorecer aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e o sentido crítico nas producións do alumnado, tanto en traballos, investigacións e opinións como na vida diaria nas aulas.

Educación vial e seguridade viaria: Reflexionar sobre a propia conduta como viandante, viaxeiro, condutor... co obxectivo de coñecer e apreciar a necesidade e respecto, en calquer circunstancia, das normas de circulación como meio de organización e de prevención de accidentes.

Estes elementos van-se concretizar da seguinte maneira (ref. alíneas 3.1.2, 3.2.2, 3.3.2, 3.4.2; 4.1.2 e 4.2.2):

Elementos transversais	Padróns de aprendizaxe implicados						
	1ESO	2ESO	3ESO	4ESO	1BCH	2BCH	
Comprensión leitora, a expresión oral e escrita	Todos os padróns de aprendizaxe						
Comunicación audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación	LCLB2.2.1-2.3 LCLB3.2.1 LCLB3.3.1 LCLB3.5.1	LCLB1.5.1 LCLB2.2.2 LCLB2.3.1-3.2 LCLB2.5.3 LCLB3.7.1 LCLB4.2.1	LCLB1.1.1-1.2 LCLB1.5.1-1.2 LCLB2.2.1 LCLB2.4.1 LCLB2.7.4 LCLB3.9.1 LCLB4.7.2	LCLB1.2.5 LCLB1.6.1 LCLB1.7.2 LCLB2.2.2 LCLB2.4.1-4.3 LCLB2.5.3-5.6 LCLB2.7.4 LCLB3.5.1 LCLB3.11.1 LCLB4.2.1,2,3 LCLB4.6.1-6.3	LCL1B1.1.1-1.4 LCL1B1.2.1-2.3 LCL1B1.3.1-3.2 LCL1B2.1.1-1.3 LCL1B2.2.1-2.3 LCL1B2.3.1-3.2 LCL1B2.4.1-4.4 LCL1B3.6.1 LCL1B3.9.1	LCL2B1.3.1 LCL2B1.4.1-4.5 LCL2B2.3.1-3.3 LCL2B2.4.3 LCL2B3.6.6 LCL2B3.10.1 LCL2B4.1.1 LCL2B4.4.1	
Educación cívica e constitucional	LCLB3.6.1	LCLB1.1.3 LCLB1.6.1-6.2 LCLB2.1.5 LCLB3.7.1 LCLB3.8.1 LCLB3.9.1 LCLB4.2.1 LCLB4.3.1	LCLB2.3.1 LCLB3.8.1-8.2	LCLB1.1.5 LCLB1.2.4 LCLB1.3.1-3.5 LCLB1.4.1-4.3 LCLB1.5.1 LCLB1.6.1-6.6 LCLB1.7.1-7.3 LCLB1.8.1 LCLB2.3.1-3.3 LCLB2.6.1 LCLB3.8.1-8.2 LCLB3.9.1 LCLB3.10.1 LCLB4.1.1 LCLB4.2.1 LCLB4.3.1 LCLB4.4.2 LCLB4.5.2 LCLB4.7.1	LCL1B3.7.1 LCL1B3.9.1 LCL1B3.10.1	LCL2B1.1.1 LCL2B1.2.1 LCL2B1.3.1 LCL2B1.4.1, 4.5 LCL2B2.1.1-1.4 LCL2B2.2.3 LCL2B2.5.1 LCL2B3.2.1-2.2. LCL2B3.3.1 LCL2B3.7.1 LCL2B3.9.1-9.2 LCL2B3.10.1 LCL2B3.11.1 LCL2B4.2.1 LCL2B4.3.1	
Prevenición de calquer tipo de violencia	LCLB3.5.1	LCLB1.3.1 LCLB1.6.1-6.2 LCLB2.1.5 LCLB2.4.2	LCLB2.3.1-3.3 LCLB4.7.1 LCLB3.8.1-8.2	LCLB1.2.1-2.6 LCLB1.3.1-3.5 LCLB1.4.1-4.3 LCLB1.5.1 LCLB1.6.1 LCLB2.1.2 LCLB2.3.1-3.3 LCLB2.6.1 LCLB3.10.1 LCLB4.3.1 LCLB4.4.2 LCLB4.5.2 LCLB4.7.1	LCL1B3.7.1 LCL1B3.8.1-8.2 LCL1B3.9.1 LCL1B3.10.1	LCL2B1.1.1 LCL2B1.2.1 LCL2B1.3.1 LCL2B1.4.5 LCL2B2.1.1-1.4 LCL2B2.3.1 LCL2B2.4.3 LCL2B3.2.1-2.2. LCL2B3.3.1 LCL2B3.7.1 LCL2B3.10.1 LCL2B3.11.1 LCL2B4.3.1	
Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial	LCLB1.4.1	LCLB1.2.3 LCLB1.3.1 LCLB1.4.3 LCLB2.3.1 LCLB3.9.1	LCLB4.2.1 LCLB4.4.1-4.2	LCLB1.1.6 LCLB1.3.1-3.5 LCLB1.4.1-4.3 LCLB1.5.1 LCLB1.6.1-6.6 LCLB1.7.1-7.3 LCLB1.8.1 LCLB2.1.1 LCLB2.3.1-3.3 LCLB2.4.1 LCLB2.5.1-5.2 LCLB2.6.1 LCLB2.7.1-7.4 LCLB3.9.1 LCLB3.10.1	LCLB4.3.1-3.2 LCLB4.4.1-4.3	LCL2B1.1.1 LCL2B1.2.1 LCL2B1.3.1 LCL2B1.4.1, 4.5 LCL2B2.1.1-1.4 LCL2B2.2.3 LCL2B2.3.1.3.3 LCL2B3.5.1-5.2. LCL2B3.6.3, 6.3 LCL2B3.7.1 LCL2B3.8.1 LCL2B3.9.1-9.2 LCL2B3.10.1	

				LCLB4.1.1 LCLB4.2.1 LCLB4.3.1 LCLB4.4.1-4.2 LCLB4.5.1-5.2 LCLB4.6.1-6.2 LCLB4.7.1		LCL2B3.11.1 LCL2B4.2.1-2.2 LCL2B4.3.1 LCL2B4.5.1	
Educación vial a seguridade viaria	Todos os dos blocos 1 e 2 (LCLB1 e LCLB2)						

Do mesmo modo, continuarán a traballar-se os seguintes elementos para unha máis completa formación de cidadáns autónomos e competentes:

◆ **Educación do consumidor:** Ao interpretar e comprender mensaxes propagandísticas e publicitarias, favorecer a actitude crítica ante expresións e conteúdos que promovan o consumismo, co fin de aprender a discernir o esencial do superfluo, valorando e aceptando o primeiro.

◆ **Educación sexual e afectiva:** Interesar-se por coñecer, respetar e apreciar os demais indistintamente e manifestar sentimentos de cordialidade, estima e afecto cara a eles.

Relacionar-se coas persoas, indistintamente do sexo ao que pertenzan, aceptando a propia personalidade e a dos demais.

Valorar e apreciar nos textos literarios os diferentes sentimentos, emocións e manifestacións de aprecio e afecto cara ao outro sexo.

◆ **Educación ambiental:** Un modo de rexeitar comportamentos sociais que causan a deterioración paulatina do ambiente é razoar propostas para a súa conservación e así comprometer-se persoalmente coa súa mellora e conservación, mediante a elaboración de mensaxes propagandísticas que fomenten o respecto e o cuidado da natureza e o fomento de actitudes responsábeis, como son o aforro de enerxía, de papel, de agua, redución de embalaxes de plástico etc. no propio centro.

◆ **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos:** Recoñecendo a capacidade de cada un dos compañeiros e compañeiras para desempeñar tarefas comúns, así como respetando e valorando as opinións alleas, favorecer a predisposición ao traballo en grupo para a resolución de actividades por meio de agrupamentos heteroxéneos entre rapaces e raparigas.

Mostrar unha actitude crítica ante situacións ou mensaxes orais ou escritos nos que se produza calquer tipo de discriminación por razón de sexo, a fin de crear a disposición idónea para respetar, en calquer situación da vida cotidiana e na propia forma de expresión, a igualdade de oportunidades para calquer xénero.

Favorecer, en mensaxes verbais e non verbais, un vocabulario adecuado e preciso de maneira que non sexa discriminatorio en función do xénero ao que se refira.

◆ **Educación para a saúde:** Comprender a necesidade de seguir uns hábitos e unhas condutas determinadas é esencial para favorecer unha boa saúde e así valorar os diferentes

aspectos que contribúen a ela: a hixiene, a alimentación, o deporte... No ano escolar 2020/21 cobra especial relevancia polas circunstancias da pandemia da covid19.

◆ **Educación responsábel do lecer e tempo libre:** Identificar os componentes do lecer e o seu uso (descanso, xogo, diversión, actividades ao ar libre, etc. mas sobretudo incidindo na promoción da lectura como fonte de pracer) para a concienciación das necesidades básicas da vida, incluído o desfrute das propias capacidades e posibilidades.

Promover a importancia da actividade física e deportiva no tempo libre, a utilización racional de internet e das novas tecnoloxías e máis o fomento da curiosidade e o interese pola novidade, que posibiliten a creación de afeccións e o cultivo de diversos intereses, con sentido creativo ou lúdico.

14 .Actividades complementarias e extraescolares

Neste ano lectivo non se prevén actividades por causa das medidas cautelares contra a Covid19.

A medida que avanza o ano lectivo van-se ir incorporando outras actividades que foren surxindo en función da oferta cultural de institucións públicas ou privadas e da seguridade sanitaria.

Por outra banda, o departamento colaborará coa Biblioteca do Instituto nomeadamente para actividades relacionadas coa celebración do Día do Libro ou outras efemérides (neste ano, por exemplo, celebrando o centenario do nacemento de Miguel Delibes con un concurso:

<https://bibliopazo.blogspot.com/2020/08/miguel-delibes.html>). Tamén vai continuar a colaboración

coa Rede de Escolas Asociadas á UNESCO en España (Rede PEA) nas actividades que propuxeren (neste ano continúa-se co proxecto «*Desplastificate!*»:

<https://www.encuentroescuelasunesco.es/desarrollo-sostenible/>) e co proxecto de educación ambiental «*O monte nace na escola*» (<http://www.asneves.gal/o-monte-nace-na-escola/>),

iniciativa do Concello das Neves.

Xa que o obxectivo é profundar nos contidos da materia, o alumnado será informado da importancia destas actividades nos contidos curriculares e da súa avaliación. Así mesmo, van-se realizar tarefas relacionadas coas actividades antes ou despois de cada unha para motivar ou avaliar o aproveitamento delas.

15 .Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Vai-se realizar polo menos unha avaliación trimestral de seguimento da programación que se reflectirá no libro de actas e na memoria final para valorar:

- a. A revisión e o axuste da programación docente e, se for o caso, explicar as causas das diferenzas producidas.
- b. A consecución dos padróns de aprendizaxe polo alumnado e a análise das diferenzas advertidas.

Por tanto, e co fin de valorar o axuste entre a programación e os resultados obtidos, a par doutros aspectos, o Departamento deseñou un instrumento co fin de mellorar o resultado do traballo desenvolvido, dispoñíbel no Anexo V desta programación didáctica.

As Neves, a 27 de outubro de 2020

O xefe do departamento

Juan Ignacio Alonso Suárez

16 .Anexo I

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.

Título I, Artigo 10 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

17 . Anexo II

Obxectivos do bacharelato.

Título I, Artigo 26 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

18 .Anexo III

Cuestionario para a valoración e mellora do proceso e a práctica do ensino.

Escala de valoración:

0	Nunca	0%	3	Mui habitualmente	>50%
1	Algunhas veces	<25%	4	Case sempre	>75%
2	Habitualmente	>25%	5	Sempre	100%

1) MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	(0 –5)	PROPOSTAS DE MELLORA
Motivación inicial dos alumnos		
Presento no principio de cada sesión un plano de traballo, explicando a finalidade.		
Comento a importancia do tema para as competencias e formación do alumnado.		
Deseño situacións introdutorias previas ao tema que se vai tratar (traballos, diálogos, leituras...)		
Relaciono os temas da materia con acontecementos da actualidade.		
Motivación durante o proceso		
Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada...		
Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades encontradas.		
Relaciono con certa asiduidade os contéudos e actividades cos intereses e coñecimentos previos dos alumnos.		
Fomento a participación dos alumnos nos debates e argumentos do proceso de ensino		
Presentación dos contéudos.		
Reflexiono se os contéudos son os indicados para o alumno.		
Estruturo e organizo os contéudos dando unha visión xeral de cada tema (guións, mapas conceptuais, esquemas...)		

2) ESTRUTURA E COHESIÓN NO PROCESO DE ENSINO/ APRENDIZAXE	(0 –5)	PROPOSTAS DE MELLORA
Actividades no proceso		
Deseño actividades que aseguran a adquisición dos contéudos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.		
Propoño aos alumnos actividades variadas (de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recapitulación, de ampliación e de avaliación).		
Facilito a adquisición de novos contéudos a través de diversas metodoloxías (lección maxistral, traballo cooperativo, traballo individual)		
Estrutura e organización da aula		
Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto para actividades que os alumnos realizan na aula).		
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa, dos recursos... controlando sempre o adecuado clima de traballo.		
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contéudos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo.		

Cohesión co proceso ensino-aprendizaxe		
Comprobo, de diferentes modos, que os alumnos comprenderon a tarefa que teñen de realizar: facendo preguntas, verbalizando o proceso ...		
Facilito estratexias de aprendizaxe: de que maneira solicitaren axuda, como buscaren fontes de información, pasos para resolveren cuestións, problemas, dou ánimos e aseguro-me da participación de todos....		

3) SEGUIMIENTO DO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE		PROPOSTAS DE MELLORA
Seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe		
Reviso e corrixo frecuentemente os conteúdos, actividades propostas dentro e fóra da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.		
Proporcio información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode mellorá-las e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.		
En caso de obxectivos insuficientemente atinxidos propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.		
En caso de obxectivos suficientemente atinxidos en curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.		
Contextualización do proceso		
Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, o grao de motivación, etc. e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe (motivación, conteúdos, actividades...).		
Coordeno-me con outros profesionais (profesorado de apoio, de agrupamentos, PT, AL, Departamento de Orientación), para modificar ou adaptar conteúdos, actividades, metodoloxía, recursos...		
Adapto o material didáctico e os recursos ás características e necesidades dos alumnos realizando traballos individualizados e diferentes tipos de actividades e exercicios.		
Busco e fomento interaccións entre o profesor e o alumno.		
Os alumnos senten-se responsábeis na realización das actividades.		
Propoño traballo en grupo para analizar as interaccións entre os alumnos.		

4) AVALIACIÓN DO PROCESO		PROPOSTAS DE MELLORA
Criterios de avaliación		
Aplico os padróns de avaliación.		
Cada unidade didáctica ten claramente establecidos os padróns de avaliación.		
Utilizo suficientes padróns de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes conteúdos.		
Instrumentos de avaliación		
Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recolla de información (registro de observacións, caderno do alumno, ficha de seguimento, diario de clase...)		
Corrijo e explico os traballos e actividades dos alumnos e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
Uso estratexias e procedimentos de autoavaliación e coavaliación en grupo que favorezan a participación dos alumnos na avaliación.		

Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade de alumnos, dos diferentes cursos, das UD, dos conteúdos...		
Uso diferentes instrumentos de avaliación (probos orais ou escritas, portefolios, rubricas, observación directa...) para coñecer o seu rendimento académico.		
Utilizo diferentes medios para informar os pais, profesores e alumnos (sesións de avaliación, informes trimestrais, reunións, tutores, entrevistas individuais, asembleas de aula...) dos resultados da avaliación.		
Utilizo os resultados de avaliación para modificar os procedimentos didácticos que realizo e mellorar a miña intervención docente.		
Realizo diferentes rexistros de observación para realizar a avaliación (notas no caderno do profesor, ficheiro, rexistro de datos, rexistro anecdótico...).		
Tipos de avaliación		
Realizo unha avaliación inicial a principio do ano lectivo para axustar a programación, na que teño en conta o informe final do tutor anterior, o doutros profesores e do Departamento de Orientación.		
Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comezos dun tema, de Unidade Didáctica, de bloco de conteúdos...		

19 .Anexo IV

CUESTIONARIO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	si	parcialmente	non	causas
1. Respeitou-se a distribución temporal dos conteúdos por avaliacións.				
2. Aplicou-se a metodoloxía didáctica programada.				
3. Tiveron-se en conta os coñecimentos e aprendizaxes básicas necesarias para aprobar a materia.				
4. Aplicaron-se os procedimentos de avaliación programados e axustaron-se aos criterios de cualificación.				
5. Aplicaron-se medidas de atención á diversidade aos alumnos que as requireron.				
6. Levaron-se a cabo as actividades de recuperación da materia pendente de cursos anteriores segundo a responsabilidade de cada profesor.				
7. Levaron-se a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.				
8. Puxeron-se en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresar-se correctamente.				
9. Utilizaron-se os materiais e recursos didácticos programados (de ser o caso, libros de texto de referencia).				
10. Realizaron-se as actividades complementarias e extraescolares programadas.				
Aspectos a mellorar para anos lectivos sucesivos:				